COLEXIO PLURILINGÜE CALASANCIAS

PLAN DE CONVIVENCIA

Como nos organizamos para convivir no colexio: as normas, os dereitos e deberes de cada persoa e o que facemos cando hai un conflito.

Para calquera dúbida sobre o plan, podedes falar co titor ou titora ou coa xefatura de estudos. Tamén podedes escribir ao correo info@colexiocalasancias.com

Elaborado conforme á Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, e ao Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que a desenvolve.

Instituto Calasancio Hijas da Divina Pastora. Calasancias
Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña · 981 256 429 · www.colexiocalasancias.es

Versión 12 · Elaborado pola Comisión de Convivencia e aprobado polo Consello Escolar o 17/11/2026
© 2026 Colexio Plurilingüe Calasancias. A Coruña. Todos os dereitos reservados.

ÍNDICE

I. INTRODUCIÓN 4

II. XUSTIFICACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA 5

1. Xustificación xeral do Plan de Convivencia 5
2. Obxectivos xerais 6

III. ANÁLISE DA SITUACIÓN 7

IV. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA 17

V. ACTUACIÓNS E MEDIDAS DOS PROGRAMAS QUE SE VAN DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA, INCLUINDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN 18

1. Axentes responsables da convivencia escolar 18
2. Protocolo de actuación ante incumprimento de normas de convivencia 21
3. Protocolo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso 22
4. Actuacións encamiñadas a facilitar a integración e participación do alumnado 22
5. Actuacións dirixidas a favorecer a relación das familias co centro educativo 23
6. Actuacións de carácter organizativo para a adecuada vixilancia dos espazos e tempos considerados de risco 24

VI. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO E REGULAMENTO DO RÉXIME INTERNO (RRI) 25

1. Concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa 26
2. Protocolo para a detección ou o incumprimento das normas de convivencia no centro 35

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

VII. CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN 35

VIII. NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO 40

IX. MECANISMOS DE COORDINACIÓN INTERNA COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DA CONTORNA .. 41

X. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA 41

XI. ANEXOS DO PLAN DE CONVIVENCIA 43

1. Elaborados pola Consellería de Educación 43
2. Propios do centro 45
3. Especificación dos anteriores documentos de centro 45

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129

NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

I. INTRODUCIÓN

O plan de convivencia é o documento no que o CPR Plurilingüe Calasancias concreta como se organiza a vida en común do centro: as normas, os dereitos e deberes de cada membro da comunidade educativa, as medidas de prevención e o modo de resolver os conflitos. Forma parte do Proxecto Educativo de Centro e parte dunha idea clave: a convivencia non é só un réxime disciplinario, senón un contido educativo en si mesmo. Aprender a convivir ensínase, practícase e avalíase, como calquera outra competencia.

Como escola cristiá do Instituto Calasancio Fillas da Divina Pastora, fundado por San Faustino Míguez, entendemos a educación como formación integral da persoa. Queremos un colexio no que cada alumno e cada alumna se sinta coñecido, seguro, respectado e querido, con atención preferente a quen é máis vulnerable, e no que o conflito se aborde como unha oportunidade para aprender, reparar o dano e reconstruír as relacións.

Marco normativo. Este plan desenvolve os principios da Constitución Española, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e a Convención sobre os Dereitos do Neno, e axústase á normativa vixente: a Lei Orgánica 2/2006, de educación, modificada pola Lei Orgánica 3/2020 (LOMLOE); a Lei Orgánica 8/2021, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia (LOPIVI), que esixe contornos escolares seguros, protocolos fronte a calquera forma de violencia e unha persoa coordinadora de benestar e protección; o Regulamento (UE) 2016/679 e a Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos; a Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa de Galicia, e o Decreto 8/2015 que a desenvolve, cuxos artigos 11 a 17 regulan o contido do plan de convivencia. Aplícanse tamén o Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar (2024), o Plan integral contra o acoso e o ciberacoso escolar (2023), o protocolo da Consellería sobre o uso de móbiles durante toda a xornada (2024), e as instrucións de inicio de curso que publica cada ano a Consellería. A reforma da Lei 4/2011 aprobada polo Consello da Xunta en outubro de 2026 obrigará a revisar este plan cando entre en vigor.

Por que é necesario. Os datos recentes mostran que a convivencia escolar require atención constante. En Galicia, segundo a Consellería de Educación, o protocolo de acoso activouse 614 veces no curso 2022/23, 686 no 2023/24 e 616 no 2024/25 (dato provisional), e deu lugar a 187 procedementos correctores nos tres cursos. As medidas preventivas tamén dan resultados: o 84 % do profesorado e o 86 % das familias galegas consideran que a prohibición do móbil no recinto escolar mellorou a convivencia (datos de febreiro de 2026).

Retos actuais. Este plan pon o foco en seis ámbitos: a convivencia no contorno dixital (redes sociais, mensaxería, intelixencia artificial e uso responsable dos dispositivos); o benestar emocional do alumnado; a inclusión dun alumnado cada vez máis diverso, incluído o que presenta necesidades específicas de apoio educativo; a igualdade e a prevención da violencia de xénero e da LGTBIfobia; a protección fronte

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

a calquera forma de violencia; e o respecto e a autoridade do profesorado e de todo o persoal do centro.

Unha tarefa compartida. Mellorar a convivencia é responsabilidade de toda a comunidade educativa: alumnado, profesorado, persoal de administración e servizos, monitores e monitoras, familias e entidade titular, en colaboración co Concello, os servizos sociais e sanitarios e as demais institucións da contorna.

A convivencia no noso colexio orientarase a:

- Garantir un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación.
- Educar no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- Previr e tratar situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- Recoñecer ao profesorado, en especial aos membros do equipo directivo, as facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como prestar protección xurídica axeitada as súas funcións.
- Corresponsabilizar ás familias e aos titores/as no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar os valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.
- Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e mellorar a convivencia escolar.
- Promover a sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.
- Garantir un contorno seguro e protector, tamén no ámbito dixital, e coidar o benestar emocional de todo o alumnado.
- Aplicar un enfoque educativo e restaurativo dos conflitos, centrado en recoñecer o dano, reparalo e reconstruír as relacións.
- Educar no uso responsable, crítico e seguro das tecnoloxías, das redes sociais e da intelixencia artificial.

↑ Volver ao índice

II. XUSTIFICACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

1. Xustificación xeral do Plan de Convivencia

O Plan de Convivencia do noso centro pretende propiciar cambios positivos que favorezan un bo clima de convivencia en tódolos ámbitos da comunidade educativa.

O punto de partida para a súa elaboración foi a análise das nosas fortalezas para potencialas e, tamén, das nosas debilidades para poder así melloralas.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129

NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

O presente documento elabórase en sincronía co PAT, PAD, Plan de Acción Pastoral e RRI. Entendemos todos eles como un todo, e basearémonos en todos eles como marco no que se regula a convivencia no centro.

2. Obxectivos xerais

Os obxectivos xerais do plan de convivencia pretenden:

a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.

b) Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para mellorala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.

c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.

d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.

e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas, dando resposta inmediata no caso de que houbese casos de intimidación e acoso entre iguais.

f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.

g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias clave do currículo LOMLOE, particularmente da competencia cidadá e da competencia persoal, social e de aprender a aprender.

h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.

i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

↑ Volver ao índice

III. ANÁLISE DA SITUACIÓN

1. Contextualización:

O colexio Calasancias está situado na Estrada dos Fortes, barrio de Los Rosales, en A Coruña. O barrio de Os Rosales pertence á parroquia de San Pedro de Visma, que inclúe o barrio de Labañou e núcleos tradicionais como Bens, Nostián ou O Portiño, e na que conviven unha trama urbana recente e o contorno natural do Monte de San Pedro e do paseo marítimo. Estamos nunha zona que, a nivel educativo, presenta unha oferta variada: dous centros concertados-privados, dous centros públicos de infantil e primaria, dous centros públicos de secundaria e bacharelato, e un centro de formación profesional. Ademais, na mesma Estrada dos Fortes levántase un centro comercial, e na parroquia, cabe destacar a presenza da pequena empresa (comercio e servizos). Finalmente, é importante sinalar a proximidade da Escola Oficial de Idiomas, o CEIP Rafael Dieste, o Centro de Formación e Recursos, a Escola de Música, etc. Na mesma Estrada dos Fortes atópase tamén o CPR Calasanz–PP. Escolapios e, no barrio, o CEIP Emilia Pardo Bazán.

Contexto demográfico e social: Os Rosales é un barrio novo, de arredor de 15.000 habitantes, con moitas familias con fillos/as pequenos e un envellecemento crecente. No conxunto da cidade só o 11 % da poboación ten menos de 15 anos, fronte a un 25 % de 65 ou máis anos; a idade media é de 47,6 anos e a fecundidade de 0,96 fillos por muller (2024). Este descenso da natalidade fai prever unha diminución progresiva do alumnado nas primeiras etapas e unha maior competencia entre os centros da zona.

Recursos da contorna para a convivencia: os Centros Cívicos Municipais de Os Rosales e de Labañou (Servizos Sociais do Concello) ofrecen apoio escolar para primaria e ESO, obradoiros para nenos/as e actividades para familias; o Centro de Saúde de Os Rosales; o Polideportivo Municipal As Roseiras; o Centro Municipal de Emprego; a Praza Elíptica e o parque Adolfo Suárez como espazos de encontro de familias; os Servizos Sociais comunitarios e a educadora ou educador social do Concello (art. 6.5 do Decreto 8/2015); e o Plan Director para a convivencia e mellora da seguridade nos centros educativos, da Delegación do Goberno.

- ❖ Características do centro:

É un centro privado-concertado con ideario propio que dá resposta ao desexo de educación cristiá que manifestan moitas familias. En actitude de respecto,

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

permanece aberto a todo o que desexe o tipo de educación que nel se imparte. Fundamenta o seu labor educativo nun concepto cristián do ser humano e do mundo. O alumnado é o principal protagonista da acción educativa. Participa activamente de acordo coas esixencias propias da súa idade na vida do centro. Promóvense todas aquelas actividades escolares e extraescolares que favorecen a educación no tempo libre e esperten interese e afeccións segundo as diversas idades do alumnado.

Os docentes son os principais educadores do alumnado no colexio. Colaboran e interveñen activamente no centro a través dos órganos que se establecen no Regulamento de Réxime Interno.

É un centro integrado no que se imparte o ensino en todos os niveis educativos. Ademais, impártese a etapa post-obrigatoria de Bacharelato. Desde setembro de 2012 pasa a formar parte da rede galega de centros plurilingües, denominándose CPR Plurilingüe Calasancias.

- Características do profesorado, do PAS e do persoal do centro:

O profesorado do CPR Plurilingüe Calasancias dispón das acreditacións e títulos necesarios para o seu desenvolvemento académico. Todos os cursos lévase a cabo unha formación actualizada das metodoloxías empregadas.
Ao comezo de cada curso escolar informarase ao persoal de actividades extraescolares do comedor: do Plan de Convivencia e do procedemento a seguir en caso de incumprimento. Esta información estenderase ao persoal de madrugadores, comedor, transporte escolar e actividades extraescolares, ao que se lle esixirá o certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos.

- Características das familias:

O nivel socioeconómico e cultural das familias é medio, aínda que hai familias de todos os estratos sociais e niveis económicos e culturais.

A meirande parte das mesmas amósanse comprometidas coa educación, o que facilita que se poida levar adiante o proxecto educativo.

- Características do alumnado:

O centro está composto por, aproximadamente, 600 alumnos/as. Maioritariamente o alumnado que se escolariza no centro pertence a familias de nivel medio, sendo, algúns deles, unha terceira xeración de escolarización neste centro. Desde o seu inicio, no ano 1970, o colexio Calasancias é un centro aberto a todo tipo de persoas, sen estabelecer diferenzas por características físicas ou psíquicas, raciais, ideolóxicas, sociais ou en función do sexo. Neste sentido, as diferenzas constitúen un elemento enriquecedor no proceso de formación do noso alumnado, dado que a realidade ofrece unha gran diversidade e a escola debe ser un reflexo desa realidade.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

Cabe destacar o incremento de alumnado con trastornos do neurodesenvolvemento (TEA, TDAH) e as demandas del, benestar emocional. Nas etapas de infantil e primaria hai alumnado escolarizado con estas características en tódolos niveis, algo a ter en conta na organización dos procesos de ensino-aprendizaxe e na convivencia do centro.

3. Análise da situación previa e elaboración do plan

Nesta primeira fase leváronse a cabo as seguintes accións:

- A composición da Comisión de Convivencia de cada curso consta na acta do Consello Escolar no que se aproba.
- Análise inicial da situación do centro.
- Fomento da formación do profesorado na prevención de conflitos (programa TEI para todos os cursos ata 4º de ESO.
- Formación do persoal na LOPIVI.
- Revisión do PAT.

Co obxecto de ter unha visión máis ampla e plural da análise da convivencia no noso centro realízase unha enquisa con preguntas específicas de convivencia a todo o alumnado a partir de 5º de E.P., ás familias, ao PAS e ao profesorado. Esta enquisa é elaborada pola Equipo Directivo coa coordinadora de Calidade, seguindo directrices do Equipo de Titularidade da Institución é anónima e voluntaria. Como complemento, o centro poderá empregar o Termómetro Acoso Escolar da Consellería, ferramenta de autodiagnóstico dispoñible para os centros desde o curso 2025/26.

Ademais, desde o curso escolar 2014-15, estableceuse nos cursos de 5º e 6º de E.P. e en toda a etapa da E.S.O., a figura do *representante de convivencia de aula*, como membro do CONSA (Consello de Aula). É un/a alumno/a escollido polo alumnado, o cal está encargado de informar ao titor/a do clima de convivencia da aula, dificultades xurdidas no día a día en conflitos de convivencia cotiáns de carácter leve. Tamén informan sobre o clima de convivencia nas aulas para poder achegalo aos titores.

Por outra banda, o alumnado da ESO, recibe charlas dentro do *Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos*. As charlas serán impartidas por persoas expertas das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado. A temática das mesmas serán: acoso escolar, drogas e alcohol, violencia de xénero, novas tecnoloxías, bandas xuvenís, etc. Este programa segue vixente e as charlas solicítanse cada curso á Policía Nacional.

Inciden non só en aspectos de seguridade básicos, senón tamén en todo o relacionado co acoso escolar, convivencia, etc., destacando o feito da non impunidade do que se poida facer na rede: insultos, inxurias ou acoso propiamente dito.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129

NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

Ademais, o centro dispón de Punto Laranxa (canles físicas e virtuais na páxina web do colexio para comunicar de forma anónima, posibles casos de acoso) traballa o uso responsable das redes sociais e desenvolve o proxecto de prevención e mediación TEI.

Na avaliación inicial tivéronse en conta os seguintes aspectos:

- Análise dos conflitos ou alteracións da convivencia máis frecuentes.
- Análise das posibles causas.
- Medidas levadas a cabo na actualidade.

Nas seguintes táboas aparecen desagregados os puntos anteriores para as diferentes etapas do centro.

SECUNDARIA E BACHARELATO

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

Non vir correctamente uniformado.	
Causas máis probables	Non gustarlle. Descoido dos pais.
Medidas actuais	Información ás familias a través da plataforma educativa Educamos. En función da reiteración, aplicación das medidas correctoras previstas no Catálogo de faltas (falta 9).
Falta de puntualidade.	
Causas máis probables	Deixadez dos alumnos/as ou das familias.
Medidas actuais	Rexistro e medida correctora: realización de tarefas en horario non lectivo, por exemplo vir unha tarde a estudar ao colexio (art. 43.d do Decreto 8/2015).
Vir sen material.	
Causas máis probables	Esquecemento. Non telo. Non poñer interese.
Medidas actuais	Amoestación verbal. Comunicación ao titor/a. Información ás familias a través da plataforma.
Deterioro do material do centro e propio.	
Causas máis probables	Por represalia. Sen darse conta.
Medidas actuais	Manter o alumnado co material deteriorado. Mandarllo limpar. Reposición ou abono do material. En función da intencionalidade, considerarase GRAVE.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129

NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

Apropiarse do material dos compañeiros/as.	
Causas máis probables	Envexa. Por non telo.
Medidas actuais	Medida correctora segundo o Catálogo de faltas e sancións.
Falta de asistencia.	
Causas máis probables	Irresponsabilidade das familias.
Medidas actuais	Falar coas familias. Información ás familias a través da plataforma.
Perturbar a clase con intervencións fóra de lugar.	
Causas máis probables	Non atenden. Non entenden. Facerse o gracioso/a.
Medidas actuais	Amoestación verbal. Información ás familias a través da plataforma.
Actitudes de indiferenza ante o estudio.	
Causas máis probables	Falta de motivación. Desinterese.
Medidas actuais	No posible, motivalo.
Actitudes crueis cos propios compañeiros/as.	
Causas máis probables	Imitación de "ídolos". Someter aos compañeiros/as.
Medidas actuais	Falar co alumno/a.
Ofensas, insultos e comentarios despectivos (sexistas, racistas, etc.)	

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

Causas máis probables	Sentirse superior. Conductas machistas, sexistas, homófobas...
Medidas actuais	Medidas de concienciación baseadas no respecto e na igualdade. Información ás familias a través da plataforma. Medida correctora segundo o Catálogo de faltas e sancións.
Falta de hixiene.	
Causas máis probables	Falta de educación. Deixadez.
Medidas actuais	Falar co alumno/a.
Fumar nas instalacións do centro. (Incluídos cigarros electrónicos e vapeadores)	
Causas máis probables	Por chulear. Por imitación.
Medidas actuais	Información ás familias a través da plataforma. Medida correctora segundo o Catálogo de faltas e sancións.

Falta de respecto a calquera persoa da comunidade educativa (contestacións, respostas agresivas, actitude desafiante diante do profesor/a, etc.).	
Causas máis probables	Inmadurez emocional. Influencia social. Situacións familiares. Descoñecemento da autoridade. Falta de respecto á autoridade. Necesidade de chamar a atención dos propios compañeiros/as.
Medidas actuais	Amoestación verbal. Aviso ao titor/a.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

	Rexistro na plataforma informática vixente. Aviso ás familias. Parte de incidencias de clase "comportamento de alumnos/as". Medidas correctoras do art. 43 do Decreto 8/2015: tarefas en horario non lectivo, traballos específicos, etc.
Agresións físicas.	
Causas máis probables	Imitación de outros. Comportamentos/conductas agresivas.
Medidas actuais	Medida correctora segundo o Catálogo de faltas e sancións.

PRIMARIA

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

Pelexas.	
Causas máis probables	Negativas ás propostas de xogos, actividades grupais... Xogos deportivos no recreo. Malas relacións entre compañeiros/as.
Medidas actuais	Separar e dialogar. Casos graves, consecuencias. Aviso ás familias (libro de comunicacións, plataforma informática, titoría).
Insultos.	
Causas máis probables	Xogos, mala educación na casa, hábitos adquiridos, imitación dos maiores.
Medidas actuais	Separar e dialogar. Casos graves, medida correctora segundo o Catálogo de faltas. Aviso ás familias (libro de comunicacións, plataforma informática, titoría).
Falta de respecto a calquera persoa da comunidade educativa (contestacións, respostas agresivas, actitude desafiante ao profesor/a, etc.).	
Causas máis probables	Inmaturidade emocional. Influencia social. Falta de normas na familia. Falta de respecto aos maiores ou á autoridade. Necesidade de chamar a atención dos propios compañeiros/as.
Medidas actuais	Amoestación verbal. Aviso ao titor/a. Aviso ás familias. Incidencia. Aviso ás familias (libro de comunicacións, plataforma informática, titoría).

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

Ameazas.	
Causas máis probables	Prepotencia dos maiores. Conducta agresiva.
Medidas actuais	Buscar ao titor do ameazador. Falar co alumno/a. Informar á familia se procede. Medida correctora segundo o Catálogo de faltas e sancións.
Incumprimento dos horarios de entrada ao centro.	
Causas máis probables	As familias non respectan o horario. As familias din que non conseguen saír antes da casa: desorganización familiar. Quédanse durmidos.
Medidas actuais	Falar coa familia. Deixalo reflectido en plataforma informática vixente.

INFANTIL

Pelexas, empurróns.	
Causas máis probables	Disputas por un xoguete. Liderado.
Medidas actuais	Reflexión, reprimenda, pedir desculpas. En caso de reiteración, consecuencias. Traballar o respecto a través de xogos, presentacións...
Incumprimento dos horarios de entrada ao centro.	

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

Causas máis probables	Quédanse durmidos. As familias non respectan o horario.
Medidas actuais	Falar coa familia. Deixalo reflectido en plataforma informática vixente.

↑ Volver ao índice

IV. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

Da análise do apartado anterior despréndense os seguintes obxectivos específicos:

- Programar actividades coa finalidade de xerar e manter un bo clima de convivencia dentro do centro escolar.
- Elaborar un catálogo de faltas para axilizar certos procesos relativos ao funcionamento do plan.
- Dar unha resposta coordinada entre todos os membros da comunidade escolar co fin de regular a convivencia no centro e favorecer a participación de todos na vida do mesmo.
- Previr e diminuír a aparición de manifestacións violentas que poidan xerarse no centro.
- Concretar os dereitos e deberes do alumnado.
- Estabelecer normas de convivencia e procedementos para a prevención e a solución construtiva dos conflitos que sucedan no día a día.
- Elaborar un modelo para o diagnóstico da convivencia no centro, prestando especial atención ao acoso escolar, violencia de xénero, LGTBfobia...
- Mellorar o clima de traballo a través do uso de metodoloxías activas e participativas, coma a aprendizaxe cooperativa, o traballo por proxectos...
- Promover a construción dunha sociedade máis xusta, solidaria, pacífica e democrática.
- Manter un bo nivel de satisfacción coa convivencia no centro en todos os colectivos que conforman a comunidade educativa.
- Revisar e actualizar o plan de convivencia de centro.
- Garantir un contorno seguro e protector para todo o alumnado, en aplicación da LOPIVI, e coidar o seu benestar emocional.
- Promover un uso responsable e seguro das tecnoloxías e das redes sociais e aplicar a prohibición do uso libre de móbiles en todo o recinto escolar.
- Activar de inmediato o protocolo ante calquera sospeita de acoso ou ciberacoso, garantindo a atención e protección da vítima.

↑ Volver ao índice

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

V. ACTUACIÓNS E MEDIDAS DOS PROGRAMAS QUE SE VAN DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA, INCLUINDO MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS, CURRICULARES E DE COORDINACIÓN

❖ AXENTES RESPONSABLES DA CONVIVENCIA ESCOLAR

COMUNIDADE EDUCATIVA	Todos os membros da comunidade educativa son axentes responsables da convivencia escolar e participarán de forma activa. A comunidade educativa no seu conxunto velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto nas relacións.
DIRECCIÓN M. Marisol Rodríguez Boán e o director pedagóxico Fernando Toja Díaz. **E. DIRECTIVO**	Correspóndenlle as seguintes funcións: - Elaborar o plan de convivencia xunto coa Comisión de Convivencia. - Garantirá as condicións para que exista no centro un adecuado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado. - Impulsará as actividades previstas. - Garantirá a mediación, a imposición de medidas correctoras. - Velará pola realización das actividades programadas no plan de convivencia de centro. - Garantirá o cumprimento das normas establecidas no RRI. - Resolverá conflitos escolares e impoñerá as sancións ao alumnado sen prexuízo das competencias atribuídas ao profesorado e as que estean reservadas ao Consello Escolar. - Realizará o seguimento e valiará o plan.
XEFATURA DE ESTUDOS Ana Mª Quizá Pérez.	Correspóndelle as seguintes funcións: - Coordinará e dirixirá as actuacións establecidas no plan de convivencia do centro e nas normas de convivencia do centro. - Velará polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no plan de convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos respectivos plans de acción titorial e de atención á diversidade do centro.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

	- Promoverá o exercicio da mediación que se leve a cabo no centro. - Velará pola aplicación das normas de conduta e disciplina escolar. - Supervisará as faltas de convivencia do alumnado e as sancións impostas e informará das mesmas aos titores/as e ás familias. - Organizará a atención educativa do alumnado ao que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do centro.
PROFESORADO	Terá as seguintes funcións: - Realizará propostas para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro. - Proporá actuacións de carácter educativo. - Promoverá un clima de convivencia e respecto na aula. - Fomentará a participación de todo o alumnado nas actividades programadas no plan. - Exercerá autoridade para facer respectar as normas de conduta establecidas polo centro e corrixir aqueles comportamento contrarios ás mesmas. - Investigará as situacións ou problemas de convivencia que se dean nun grupo. - Informará ás familias en relación a temas de convivencia cando sexa necesario. - Desenvolverá as medidas preventivas e correctivas que se precisen. - Participará na avaliación anual da convivencia no centro. O profesorado titor/a: - Informará ás familias e ao alumnado das normas de centro. - Controlará a xustificación das faltas de asistencia. - Coñecerá a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velará porque estas se cumpran e se ateñan a normativa vixente.
COMISIÓN DE CONVIVENCIA	A Comisión está formada polas persoas que se indican máis abaixo. As súas funcións son: Esta composición debe axustarse ao art. 6.2 do Decreto 8/2015: persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias, do PAS e

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

	da entidade titular, na mesma proporción que no Consello Escolar, con presencia equilibrada de mulleres e homes, presidida pola dirección e cunha persoa secretaria que levanta acta. **Composición:** • Presidencia: a dirección • Xefa de estudos • Do profesorado: o coordinador de benestar e protección • Representante de familias • Representante do alumnado • Representante da entidade titular - A comisión de convivencia terá carácter consultivo. - Facilitará o cumprimento das competencias asignadas. - Velará pola aplicación das mesmas. - Manterá unha reunión ordinaria por trimestre; as extraordinarias convócaas a presidencia por iniciativa propia ou dun terzo dos membros. • Dará conta ao Consello Escolar, polo menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións realizadas e das medidas correctoras impostas. • Fará o seguimento dos compromisos educativos para a convivencia. • Elaborará a memoria anual de convivencia, que aproba o Consello Escolar e forma parte da memoria anual do centro (art. 16.3).
CONSELLO ESCOLAR	O consello escolar do centro educativo, terá as funcións que lle atribúen no artigo 127 da Lei orgánica 2/2006, no artigo 57 da Lei orgánica 8/1985 e no decreto 8/2015, entre elas aprobar a memoria anual do plan de convivencia a proposta da Comisión de Convivencia.
COORDINADOR DE CONVIVENCIA Joaquín Respino Souto	Funcións: • Coordinar, xunto coa xefatura de estudos, as actuacións do plan de convivencia e o seu calendario. • Recoller e analizar os partes e incidencias de convivencia rexistrados en Educamos e informar á Comisión de Convivencia.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

	• Dinamizar os programas de axuda entre iguais (TEI, representantes de convivencia de aula) e a mediación escolar. • Colaborar coa persoa coordinadora de benestar e protección e co Departamento de Orientación na aplicación do protocolo de acoso e ciberacoso. • Formar parte da Comisión de Convivencia e colaborar na elaboración da memoria anual do plan. .
COMISIÓN MEDIADORA	– Xefa de estudos. – Coordinador de convivencia. – Coordinador do dpto. de Orientación. Funcións: ofrecer a mediación como vía para resolver conflitos entre membros da comunidade educativa, antes ou durante o procedemento corrector (procedemento conciliado, arts. 26 e 47 do Decreto 8/2015), e realizar o seguimento dos acordos. Valorar incorporar alumnado mediador formado (ESO e Bacharelato) para os conflitos entre iguais.
COORDINADOR DE BENESTAR E PROTECCIÓN Prof. Joaquín Respino Souto joaquin@colexiocalasancias.com	Designado/a pola entidade titular (LO 8/2021, art. 35). Funcións: • Promover plans de formación sobre prevención, detección e protección do alumnado. • Ser referente para o alumnado e o persoal ante posibles situacións de violencia e coordinar as comunicacións aos servizos sociais e, se procede, ás Forzas e Corpos de Seguridade ou á Fiscalía. • Promover medidas de benestar emocional, alimentación saudable e uso seguro de Internet. • Formar parte da Comisión de Convivencia e colaborar coa persoa responsable da atención á vítima nos casos de acoso.

❖ **PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ANTE INCUMPRIMENTO DE NORMAS DE CONVIVENCIA:**

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

Cando o alumnado incumpra unha norma de convivencia, o mestre cubre un parte de convivencia e informa á familia e ó titor da falta cometida (se é leve ou grave) deixando constancia de todo isto na plataforma educamos.
En función da gradación da falta aplicarase o protocolo establecido neste Plan de Convivencia (ver o Catálogo de faltas e sancións). Ante calquera sospeita de acoso ou ciberacoso non se aplicará este procedemento ordinario, senón o protocolo específico que se describe a continuación.

Será a Xefatura xunto co Equipo de Convivencia quen coordinen este tipo de medidas e establezan as condicións que permitan que se leve a cabo.

❖ PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO

(Segundo os arts. 13.d e 15.4 do Decreto 8/2015 o art. 30.2 da Lei 4/2011. O centro aplica o Protocolo xeral da Consellería, versión 2024, adaptado como segue.)

1. Prevención e sensibilización. Campañas anuais dirixidas a toda a comunidade educativa (titorías, Plan Director, programa TEI, día contra o acoso escolar), formación do profesorado e información ás familias sobre sinais de alerta.

2. Canles de comunicación. Calquera persoa pode comunicar unha posible situación de acoso ao titor/a, a calquera docente, ao Departamento de Orientación, á persoa coordinadora de benestar e protección ou á dirección, de forma presencial, a través de Educamos ou do buzón do punto laranxa ou dun correo específico na web do centro. Garantirase a confidencialidade.

3. Actuacións inmediatas. A dirección rexistra a comunicación, adopta medidas urxentes de protección da posible vítima, designa unha persoa responsable da súa atención (procurando que sexa de confianza para o alumno/a, art. 15.4.c) e informa ás familias implicadas.

4. Recollida de información e análise. Entrevistas co alumnado implicado, testemuñas, profesorado e familias, e análise da información pola dirección, xefatura de estudos, orientación e coordinación de benestar para determinar se existe acoso.

5. Medidas. Plan de intervención coa vítima, co alumnado agresor e co grupo; inicio do procedemento corrector cando proceda; comunicación á Inspección educativa e, se hai indicios de delito, á Fiscalía de Menores ou ás Forzas e Corpos de Seguridade.

6. Seguimento e peche. Seguimento periódico das medidas, rexistro de todas as actuacións e información á Comisión de Convivencia e ao Consello Escolar.

❖ ACTUACIÓNS ENCAMIÑADAS A FACILITAR A INTEGRACIÓN E PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

No marco da prevención de situacións que poidan deteriorar a convivencia no centro propóñense as seguintes actuacións:

- Acollida dos grupos ao comezo de cada curso, con especial atención ao novo alumnado, presentación do colexio e acompañamento no proceso de adaptación.
  CCC-PT-15 PROTOCOLO ACOLLIDA ALUMNADO NOVO V.1
- Desenvolver actividades que faciliten o coñecemento das normas de convivencia do centro: titoría de inicio de curso na que se traballan as normas máis importantes e presencia das mesmas no día a día a través do noso estilo educativo no que as mesmas ocupan un lugar prioritario. A elaboración das normas conleva unha reflexión sobre a convivencia, o respecto, a escoita activa e os valores humanos.
- Promover a integración das persoas con distintas capacidades a través dos recursos humanos e materiais dispoñibles, traballando moito o sentido de grupo e pertenza a unha clase.
- Potenciar e desenvolver a asertividade e a empatía como aspectos clave para unhas boas relacións humanas.
- Solicitude dunha aula de educación especial á Administración para poder atender máis e mellor ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Programas entre iguais (TEI, representantes de convivencia de aula) e mediación escolar como medida para a resolución pacífica de conflitos (art. 26 do Decreto 8/2015).

❖ ACTUACIÓNS DIRIXIDAS A FAVORECER A RELACIÓN DAS FAMILIAS CO CENTRO EDUCATIVO

- Información ás familias sobre o valor que no centro se da á convivencia e ás normas, que son de obrigado cumprimento. Esta información transmítese na reunión de inicio de curso, en documentos escritos (circulares, avisos na plataforma educativa, correos...) e en encontros informais en momentos de intercambio coas familias.
- Contacto diario e puntual coas familias do alumnado de E. Infantil á hora da recollida.
- Trato cercano nas relacións.
- Entrevistas individuais coas familias de alumnado novo nas que se recolle información e transmítense as principais liñas educativas do centro.
- Comunicación fluída a través da plataforma educativa e/ou caderno de comunicacións do centro.
- Entrevistas presenciais individuais.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

- Información de diversos aspectos relacionados coa organización do centro/actividades/traballo diario... a través da plataforma.
- Difusión das normas e o plan de convivencia.
- Posibilidade de colaboración de familias en actividades dentro da aula relacionadas con contidos que se estean a traballar ou con outros aspectos propostos polas familias e de interese educativo.
- Formación para familias sobre uso responsable de dispositivos e redes sociais e sobre detección do acoso e ciberacoso (ANPA ou cafés pedagóxicos).
- Información ao inicio de curso dos dereitos e deberes do alumnado e das NOF, especialmente ás familias e alumnado novos.

❖ ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO PARA A ADECUADA VIXILANCIA DOS ESPAZOS E TEMPOS CONSIDERADOS DE RISCOS

As entradas e saídas do centro faranse polas portas asignadas en cada momento e no horario previsto. Informarase ás familias días antes de comezar as clases da organización. Haberá profesorado asignado a tarefas de vixianza nos horarios acordados.

Todo o persoal do centro considerarase corresponsable da orde e da disciplina, especialmente nestes momentos de maior risco, prohibindo a entrada ao centro a rapaces que non sexan alumnos/as nosos.

Durante toda a xornada escolar, incluídos entradas, saídas, recreos, comedor e actividades complementarias e extraescolares, está prohibido o uso libre de teléfonos móbiles e doutros dispositivos electrónicos (protocolo da Consellería de xaneiro de 2024 e NOF do centro), agás uso educativo autorizado e supervisado polo profesorado ou por motivos de saúde ou necesidade autorizados pola dirección.

Nas horas de recreo o profesorado de garda debe ser puntual e ocupar o posto asignado prestando a maior atención posible, especialmente aos grupos de alumnado que poden ser considerados de risco.

Cando algún profesor/a de garda de recreo non poida acudir ao mesmo debe indicalo coa suficiente antelación á coordinación de etapa para prever a súa substitución.

Para evitar riscos nos tempos de desprazamentos ás distintas aulas, o profesorado que dean clases fóra das aulas habituais do nivel, acompañarán ao alumnado no desprazamento e poñerán especial atención á orde e á puntualidade, tanto na hora de inicio como na de finalización da clase.

Ao finalizar a última clase o profesor/a deberá ser o último en saír da mesma, asegurándose de que a clase queda suficientemente recollida, que o ordenador, as lousas dixitais e as luces quedan apagadas e a clase pechada.

↑ Volver ao índice

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

VI. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO E REGULAMENTO DO RÉXIME INTERNO (RRI)

Actualmente, as actuacións relacionadas coa convivencia no noso centro escolar, veñen sendo establecidas polo RRI do centro. Dito documento recolle ademais das actuacións específicas ante conflitos, as normas xerais de conduta dos axentes implicados.

As normas de convivencia do centro inspíranse nos seguintes principios básicos:

a) O crecemento integral da persoa.

b) Os fins educativos do centro, en desenvolvemento do seu carácter propio e do seu proxecto educativo.

c) O desenvolvemento da comunidade educativa.

d) Un bo ambiente educativo e de relación no centro.

e) O respecto aos dereitos de todas as persoas que participan na acción educativa.

f) O respecto á integridade física e moral e aos bens das persoas que forman a comunidade educativa e daqueloutras persoas e institucións que se relacionan co centro con ocasión da realización de actividades e servizos no mesmo.

g) O respecto á diversidade e a non discriminación, especialmente en relación con quen sufra especial vulnerabilidade pola súa condición de discapacidade, por trastorno do neurodesenvolvemento, por identidade de xénero, por etnia etc.

h) A corrección no trato social e o emprego dunha linguaxe correcta e adecuada.

i) O respecto e desenvolvemento responsable das distintas funcións dos membros da comunidade educativa.

j) A cooperación nas actividades educativas ou convivenciais.

k) A boa fe e a lealdade no desenvolvemento da vida escolar.

l) O coidado no aseo e imaxe persoal e a observancia das normas do centro sobre esta materia.

m) O cumprimento da normativa do centro respecto a a vestimenta.

n) A actitude positiva ante os avisos e correccións.

ñ) A adecuada utilización do edificio, mobiliario, instalacións e material do centro, conforme ao seu destino e normas de funcionamento, así como o respecto á reserva de acceso a determinadas zonas do centro.

o) O respecto ás normas de organización, convivencia e disciplina do centro.

p) En xeral, o cumprimento dos deberes que se sinalan na lexislación vixente e no Regulamento por parte dos membros da comunidade educativa e de cada un dos seus estamentos, especialmente os derivados do Carácter Propio e do Proxecto Educativo do centro.

As normas de convivencia, así como o código ético ou manual de conduta do persoal que presta servizos no centro, deseñado pola entidade titular do mesmo, son de obrigado cumprimento.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

❖ CONCRECIÓN DOS DEREITOS E DEBERES DOS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

No título I e nos capítulos do III ao IX, do RRI, temos especificados os dereitos e deberes dos membros da comunidade educativa. Tódolos membros da comunidade educativa temos dereitos (ben coñecidos, e algún máis atribuído). Desfrutar dos mesmos só é posible cando todos cumpramos cos nosos deberes (pouco coñecidos e delegados noutros).

MEMBROS DA COMUNIDADE ESCOLAR

1. O centro configúrase como unha comunidade educativa integrada polo conxunto de persoas que, relacionadas entre si e implicadas na acción educativa, comparten e enriquecen os obxectivos do colexio.

2. No seno da comunidade educativa as funcións e responsabilidades son diferenciadas debido á peculiar aportación que realizan ao proxecto común a entidade titular, alumnado, profesorado, familias, persoal de administración e servicios e outros colaboradores.

- **Dereitos:**

a) Ser respectados nos seus dereitos e na súa integridade e dignidade persoais.

b) Coñecer o Carácter Propio, o Proxecto Educativo e o Regulamento de Réxime Interior do centro.

c) Participar no funcionamento e na vida do centro, de conformidade co disposto no Regulamento.

d) Celebrar reunións dos respectivos estamentos no centro, para tratar asuntos da vida escolar, previa a oportuna autorización da entidade titular.

e) Constituír asociacións dos membros dos respectivos estamentos da comunidade educativa, con arranxo ao disposto na lei.

f) Presentar ante a entidade titular ou ao órgano que en cada caso corresponda, peticións, queixas ou denuncias, e suxestións formuladas tanto de maneira presencial no centro coma a través dos medios previstos para elo.

g) Exercer aqueles outros dereitos recoñecidos nas leis, no Carácter Propio do centro e no Regulamento.

- **Deberes:**

a) Aceptar e respectar os dereitos da entidade titular, do alumnado, do profesorado, das nais e pais, do persoal de administración e servizos, e doutros colaboradores da comunidade educativa.

b) Respectar o Carácter Propio, o Proxecto Educativo, o Regulamento, as normas de convivencia e outras normas de organización e funcionamento do centro, así como a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do equipo directivo, profesorado, PAS e persoal de limpeza.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

c) Respectar o dereito á intimidade, á honra, á propia imaxe e á saúde de todos os membros da comunidade educativa.

d) Respectar e promover a imaxe do centro.

e) Asistir e participar nas reunións dos órganos dos que formen parte.

f) Respectar as normas de convivencia.

g) Observar as normas sobre protección e tratamento de datos de carácter persoal de acordo coas leis e normativas vixentes.

h) Respectar os dereitos da infancia e promover un ambiente protector físico, psicolóxico e social, incluído a contorna dixital, así como o resto das previsións contidas nas leis e normativas vixentes.

ENTIDADE TITULAR

A Entidade Titular do Centro é o Instituto Calasancio Fillas da Divina Pastora. Esta define a identidade e o estilo educativo do centro e asume a última responsabilidade ante a sociedade, a administración educativa, os pais, nais ou titores legais dos alumnos/as, o profesorado, o persoal auxiliar/persoal de administración e servizos e outros colaboradores.

- **Dereitos:**

a) Establecer o carácter propio do centro, garantir o seu respecto e dinamizar o seu efectividade.

b) Dispoñer o proxecto educativo do centro, que incorporará o carácter propio do mesmo e o plan de convivencia, así como os restantes plans fixados na normativa educativa estatal ou autonómica.

c) Dirixir o centro, ostentar a súa representación e asumir en última instancia a responsabilidade da súa organización e xestión.

d) Ordenar a xestión económica do centro.

e) Decidir a solicitude de autorización de novos ensinos e a modificación e extinción da autorización existente.

f) Decidir a subscrición dos concertos/subvencións a que se refire a lexislación educativa vixente, así como promover a súa modificación e extinción.

g) Decidir a prestación de actividades e servizos.

h) Aprobar o Regulamento de Réxime Interior, previo informe polo consello escolar, así como establecer as súas normas de desenvolvemento e execución.

i) Aprobar a Programación Xeral Anual, previo informe do Consello Escolar.

j) Nomear e cesar aos órganos unipersoais de goberno e xestión do centro e aos seus representantes no consello escolar, de conformidade co sinalado no Regulamento.

k) Nomear e cesar aos órganos de coordinación da acción educativa, de conformidade co indicado no Regulamento.

l) Designar un coordinador de benestar e protección do alumnado.

m) Seleccionar, contratar, nomear e cesar ao persoal do centro.

n) Deseñar os procesos de formación do profesorado e a súa avaliación.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129

NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

o) Fixar, dentro das disposicións en vigor, a normativa de admisión de alumnos/as no centro, así como sobre o seu cesamento.

p) Ter a iniciativa en materia de corrección das alteracións da convivencia.

q) Desenvolver e concretar as normas de convivencia no marco do que dispoña a lexislación estatal e autonómica.

r) Propoñer ao consello escolar os criterios de selección do persoal docente en pago delegado.

s) Nomear ao delegado de Protección de Datos e ao responsable do Cumprimento

- **Deberes:**

a) Impartir unha educación accesible, inclusiva e de calidade que permita o desenvolvemento pleno dos menores nunha escola segura e libre de violencia, que garanta o respecto e a promoción dos seus dereitos e que empregue métodos pacíficos de comunicación, negociación e resolución de conflitos.

b) Promover o respecto aos demais, á súa dignidade e os seus dereitos, especialmente de quen sufra especial vulnerabilidade pola súa condición de discapacidade, por trastorno do neurodesenvolvemento, por identidade de xénero, por etnia etc.

c) Formar ao alumnado na prevención e evitación de toda forma de violencia, co fin de axudarlles a recoñecela e reaccionar fronte á mesma.

d) Dar a coñecer o Carácter Propio, o Proxecto Educativo e o Regulamento de Réxime Interior do centro.

e) Responsabilizarse do funcionamento e xestión do centro ante a comunidade educativa, a sociedade, a Igrexa e a Administración.

f) Cumprir as normas reguladoras da autorización do centro, da ordenación académica e dos concertos educativos.

g) Aplicar os protocolos que procedan cando o persoal docente ou educador dos centros educativos, familias ou calquera outro membro da comunidade educativa, detecte a existencia de situacións de violencia ou pola mera comunicación dos feitos por parte dos menores. Así como pola infracción da normativa sobre protección de datos dun menor de idade.

h) Levar a cabo o seguimento da execución e das actuacións previstas nos protocolos existentes.

i) Dar a coñecer á comunidade educativa os protocolos de actuación existentes.

ALUMNADO

Os alumnos son suxeitos da súa propia formación e os principais protagonistas da nosa escola, a súa razón de ser e o seu estímulo. Participan activamente na vida do centro, de acordo coas esixencias propias da súa idade.

- **Dereitos:**

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129

NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

a) Recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade e o respecto á súa identidade, integridade e dignidade persoais.

b) Ser valorado e recoñecido obxectivamente na súa dedicación, esforzo e rendemento.

c) Recibir orientación educativa, vocacional e profesional.

d) Recibir unha educación inclusiva e de calidade, que respecte a igualdade de xénero, a diversidade familiar, a adquisición de estilos de vida saudables e unha educación afectivo sexual adaptada ao seu nivel madurativo e, ademais, orientada á prevención, detección e evitación de toda forma de violencia e discriminación.

e) Ser respectado na súa liberdade de conciencia, as súas convicciónS relixiosas, as súas convicciónS morais e a súa orientación sexual, de acordo coa Constitución.

f) Recibir protección contra toda intimidación, discriminación e situación de violencia ou acoso escolar.

g) Expresar as súas opinións libremente, respectando os dereitos e a reputación das demais persoas, no marco das normas de convivencia do centro.

h) Participar no funcionamento e na vida do centro, de conformidade co disposto nas normas vixentes.

i) Recibir tanto a información como as axudas e os apoios precisos para compensar as desigualdades de tipo persoal, familiar, económico, social e cultural, sobre todo no caso de presentar necesidades educativas especiais ou de accidente ou infortunio familiar que impidan ou dificulten o acceso e a permanencia no sistema educativo.

j) Recibir protección social, no ámbito educativo, nos casos de infortunio familiar ou accidente.

k) Ser respectado na súa integridade física, dignidade persoal e intimidade e no tratamento dos seus datos persoais

l) Exercer o seu dereito de asociación e reunión no centro, nos termos legalmente previstos.

m) Participar, nos termos previstos na normativa vixente e no presente documento, nas tomas de decisións que lles afecten.

n) Continuar a súa relación co centro unha vez concluísen os seus estudos no mesmo.

o) Outros dereitos que determinen as normas de convivencia do Centro.

- **Deberes:**

a) Estudar, esforzarse para conseguir o máximo desenvolvemento segundo as súas capacidades e participar nas actividades formativas orientadas ao desenvolvemento dos currículos e nas escolares e complementarias gratuítas.

b) Seguir as directrices do equipo directivo e do profesorado respecto a súa educación e aprendizaxe, e levar a cabo fóra das horas de clase os traballos que lles encomende o profesorado.

c) Respectar a autoridade e orientacións do equipo directivo e do profesorado, así como dos distintos membros da comunidade educativa.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129

NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

d) Asistir a clase con puntualidade e cumprir o horario e calendario escolar do centro.

e) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro.

f) Respectar o dereito do resto do alumnado á educación.

g) Respectar a liberdade de conciencia, as convicciónS relixiosas e morais, e a diversidade, dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.

h) Cumprir o Regulamento de Réxime Interior e respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro.

i) Conservar e facer un bo uso das instalacións e materiais didácticos do centro.

j) Os deberes que determine o plan de convivencia e as normas de convivencia do Centro.

O PROFESORADO

O profesorado son os principais educadores do alumnado na escola. Axudan educando a formar a súa personalidade e completan a acción educadora dos pais, nais ou titores legais.

- **Dereitos:**

a) Desempeñar libremente a súa función educativa de acordo coas características do posto que ocupe, o currículo e en consonancia co Proxecto Educativo do centro.

b) Desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado, onde sexan respectados os seus dereitos, especialmente o seu dereito á integridade física e moral.

c) Coñecer o Proxecto Educativo do centro, así como o seu Carácter Propio.

d) Recibir formación permanente.

e) Participar na elaboración das programacións de etapa.

f) Desenvolver a súa metodoloxía de acordo coa programación de etapa e de forma coordinada polo seminario ou departamento correspondente.

g) Recibir a colaboración necesaria por parte dos pais, nais ou titores legais para poder proporcionar un adecuado clima de convivencia escolar e facilitar unha educación integral para os seus fillos/as.

h) Exercer libremente a súa acción avaliadora de acordo cos criterios establecidos nas programacións de etapa, con arranxo ao modelo pedagóxico da entidade titular.

i) Exercer as competencias que no ámbito da convivencia escolar séxanlles atribuídas pola normativa vixente.

j) Utilizar os medios materiais e as instalacións do centro para os fins educativos, conforme as normas reguladoras do seu uso.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

k) Participar na toma de decisións pedagóxicas que corresponden ao claustro, aos órganos de coordinación docentes e aos equipos educativos que impartan clase no mesmo curso.

l) Gozar da presunción de veracidade no marco dos procesos disciplinarios, de acordo coa normativa vixente.

m) Celebrar reunións no centro, de acordo coa lexislación vixente e sen afectar ao normal desenvolvemento da actividade laboral e docente.

n) Elixir os seus representantes no consello escolar.

- **Deberes:**

a) Exercer as súas funcións conforme a lexislación vixente, ás condicións estipuladas no seu contrato e/o nomeamento e ás directrices da entidade titular.

b) Respectar o Carácter Propio do centro e colaborar no cumprimento dos obxectivos do Proxecto Educativo.

c) Promover e participar na actividade xeral do centro, incluíndo as actividades complementarias, dentro ou fóra do recinto educativo, incluídas na programación xeneral anual, excepto aquelas que a lexislación vixente considere de carácter voluntario.

d) Contribuír a que as actividades do centro desenvólvanse nun clima de respecto,

de tolerancia, de participación e de liberdade para fomentar nos alumnos valores propios dunha sociedade democrática.

e) Seguir, no desempeño das súas funcións, as directrices establecidas nas programacións de etapa.

f) Participar na elaboración da programación específica da área ou materia que imparte, no seo do equipo educativo do curso e do seminario ou departamento correspondente.

g) Elaborar a programación de aula.

h) Avaliar o proceso de aprendizaxe do alumnado.

i) Exercer a titoría dos alumnos/as, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe en todos os aspectos da súa formación educativa, académica e profesional, incluíndo as técnicas de traballo e de estudo específico da súa área ou materia.

j) Dirixir as prácticas ou seminarios relativos á súa área ou materia, así como analizar e comentar co alumnado as probas realizadas, colaborando, no seu caso, cos servizos ou departamentos especializados.

k) Atender ao desenvolvemento intelectual, afectivo, psicomotriz, social e moral do alumnado en colaboración cos pais, nais ou titores legais, informándoos periodicamente sobre o proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as.

l) Colaborar en manter a orde e a disciplina dentro do exercicio dos seus funcións, conforme ao plan de convivencia do centro e favorecendo o respecto mutuo con pais, nais ou titores legais e alumnado.

m) Cumprir puntualmente o calendario e horario escolar.

n) Implicarse no seu perfeccionamento e desenvolvemento profesional.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129

NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

ñ) Participar nos plans de mellora, innovación educativa e xestión da calidade que se asuman no centro.

o) Participar nos plans de avaliación que determinen as administracións educativas ou o centro.

p) Cumprir no exercicio das súas funcións as instrucións facilitadas pola entidade titular en materia de protección de datos de carácter persoal.

q) Coñecer e cumprir o código ético ou manual de conduta do centro.

r) Gardar a debida confidencialidade da información recibida e coñecida no desenvolvemento da súa actividade.

s) Respectar o dereito á imaxe do alumnado e cumprir a normativa respecto diso.

t) Respectar e cumprir a normativa de propiedade intelectual.

u) Comunicarse co alumnado e os seus pais, nais ou titores legais unicamente a través dos sistemas, redes e/o dispositivos electrónicos que o centro determine.

v) Acreditar, mediante a achega do correspondente certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres humanos, non ser condenados por delitos contra a liberdade ou indemnidade sexuais ou de trata de seres humanos.

w) Manter unha relación co alumnado limitada ao seu ámbito profesional de forma que non poida inducir a confusión.

x) Aqueloutros deberes que determine a normativa vixente.

O profesorado terá a consideración de autoridade pública aos efectos que determina a lexislación vixente de aplicación.

PAIS, NAIS OU TITORES LEGAIS

Os pais, nais ou titores legais son os primeiros responsables da educación dos seus fillos/as.

Exerceron o dereito para decidir a educación que desexan para eles ao escoller a escola calasancia e a participar, como membros activos, na comunidade educativa.

- **Dereitos:**

a) Que no centro se imparta o tipo de educación definido no Carácter Propio e no Proxecto Educativo do centro.

b) Que os seus fillos/as reciban unha educación coas máximas garantías de calidade, en consonancia cos fins establecidos na Constitución, no correspondente Estatuto de Autonomía e nas leis educativas.

c) Participar nos asuntos relacionados co desenvolvemento do proceso educativo dos seus fillos/as no centro.

d) Estar informados sobre o proceso de aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos/as.

e) Ser oídos naquelas decisións que afecten á orientación académica, vocacional e profesional dos seus fillos/as.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

f) Ser atendidos polo profesorado do centro nos horarios e polas canles establecidas.

g) Participar na organización e funcionamento do centro nos termos establecidos na normativa vixente.

h) Exercer o seu dereito de asociación e reunión no centro, nos termos legalmente previstos.

i) Elixir os seus representantes no consello escolar.

j) Cantos dereitos lles sexan recoñecidos pola lexislación vixente.

- **Deberes:**

a) Procurar a adecuada colaboración entre a familia e o centro, a fin de alcanzar unha maior efectividade na tarefa educativa. Para ese efecto:

– Asistirán ás entrevistas e reunións ás que sexan convocados por membros do equipo directivo ou titor/a para tratar asuntos relacionados coa educación dos seus fillos/as.

– Adoptarán as medidas necesarias para que os seus fillos cursen os niveis obrigatorios da educación e asistan regularmente a clase.

– Estimularán aos seus fillos/as para que leven a cabo as actividades de estudo que se lles encomenden e propiciarán as circunstancias que, fóra do centro, poidan facer máis efectiva a acción educativa do mesmo.

– Informarán aos educadores daqueles aspectos da personalidade e circunstancias dos seus fillos/as, que sexan relevantes para a súa formación e integración na contorna escolar.

– Participarán de maneira activa nas actividades que se establezan en virtude dos compromisos educativos que o centro estableza coa familia, para mellorar o rendemento dos seus fillos.

– Colaborarán no cumprimento das medidas correctoras impostas aos seus fillos/as no desenvolvemento do plan de traballo a realizar fóra do centro a que estas poidan dar lugar.

– Informarán o equipo directivo de todas as resolucións xudiciais ou acordos privados que regulen as funcións inherentes á patria potestade e á garda e custodia dos seus fillos, ou que poidan afectar as actividades e responsabilidades do centro.

– Adoptarán as medidas necesarias con relación á recollida dos seus fillos e respectarán as normas de recollida dos menores, reguladas neste regulamento.

– Colaborarán e observarán o cumprimento do respecto e condutas cívicas que permitan o normal funcionamento do centro.

b) Corresponsabilizarse no mantemento do Carácter Propio e na realización do Proxecto Educativo en cuxos valores desexan que os seus fillos/as sexan educados.

c) Respectar o exercicio das competencias técnico-profesionais do persoal do centro.

d) Xustificar, a través das canles establecidas, as faltas de asistencia ou puntualidade dos seus fillos/as.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129

NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

e) Respectar as normas de organización e convivencia do centro naqueles aspectos que lles concirnan.

f) Acceder ao centro unicamente mediante a debida autorización e sen interromper o normal desenvolvemento das actividades docentes.

g) Participar nas actuacións previstas no plan de convivencia do centro nos termos nel contemplados.

h) Aceptar as decisións que sexan adoptadas polos órganos de goberno do centro dentro do marco do presente Regulamento.

i) Exercitar responsablemente as facultades que lles confire a patria potestade.

j) Cantos deberes lles sexan esixidos na lexislación vixente.

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E DE SERVIZOS

O persoal de administración e servizos forma parte da comunidade educativa e, en colaboración coa entidade titular e a orientación do centro, presta un valioso servizo e se corresponsabiliza da acción educativa global do centro.

- **Dereitos**

a) Ser integrado como membro da comunidade educativa.

b) Ser informado acerca dos obxectivos e organización xeral do centro e participar na súa execución naquilo que lles afecte.

c) Desenvolver o seu labor nun ambiente educativo adecuado, onde sexan respectados os seus dereitos, especialmente o seu dereito á integridade física e moral.

d) Coñecer o Proxecto Educativo do centro, así como o seu Carácter Propio.

e) Recibir formación permanente.

f) Elixir os seus representantes no consello escolar.

g) Cantos dereitos lles sexan recoñecidos pola lexislación vixente.

- **Deberes**

a) Exercer as súas funcións conforme as condicións estipuladas no seu contrato e/o nomeamento.

b) Respectar o Carácter Propio do centro.

c) Procurar o seu perfeccionamento e desenvolvemento profesional.

d) Respectar as instrucións da entidade titular en materia de protección de datos de carácter persoal.

e) Coñecer e cumprir o código ético ou manual de conduta do centro.

f) Colaborar co centro para establecer un bo clima de convivencia no mesmo.

g) Gardar o debido sixilo profesional.

h) Acreditar, mediante a achega do correspondente certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres humanos, non ser condenados por delitos contra a liberdade ou indemnidade sexuais ou de trata de seres humanos.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

i) Manter unha relación co alumnado limitada ao seu ámbito profesional de forma que non poida inducir a confusión.

j) Cantos deberes lles sexan esixidos na lexislación vixente.

OUTROS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Poderán formar parte da comunidade educativa outras persoas (colaboradores, antigos alumnos/as, voluntarios e outros) que participen na acción educativa do centro de acordo cos programas que determine a entidade titular do centro, así como aquelas persoas que desempeñen postos requiridos nos centros educativos conforme á lexislación vixente.

- **Dereitos:**

a) Facer público no ámbito escolar a súa condición de colaboradores ou voluntarios.

b) Exercer as súas funcións nos termos establecidos pola lexislación que lles sexa aplicable e pola entidade titular do centro.

- **Deberes:**

a) Desenvolver a súa función nos termos establecidos nos programas a que se refire o artigo 31 do regulamento.

b) Respectar o Carácter Propio do centro.

c) Non interferir no normal desenvolvemento da actividade do centro.

d) Acreditar, mediante a achega do correspondente certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres humanos, non ser condenados por delitos contra a liberdade ou indemnidade sexuais ou de trata de seres humanos.

e) Manter unha relación co alumnado limitada ao seu ámbito profesional de forma que non poida inducir a confusión.

f) Cantos deberes lles sexan esixidos na lexislación vixente.

❖ **PROTOCOLO PARA A DETECCIÓN OU O INCUMPRIMENTO DAS NORMAS DE CONVIVENCIA NO CENTRO**

Co fin de detectar o incumprimento das normas de convivencia e mellorar a disciplina escolar seguiremos o desenvolto no documento “CCC-PT-17 Normas de organización e funcionamento do centro” (anexo).

↑ Volver ao índice

VII. CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDAN

Están tipificadas como condutas contrarias á convivencia:

1. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129

NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

2. Condutas leves contrarias á convivencia.

Para a gradación das medidas correctoras tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, no seu caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obrigación de reparar os danos producidos
b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, RRSS, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.
d) A natureza dos prexuízos causados.
e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ó centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciatoria desta vulnerabilidade.
f) As condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa e que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable, terán a cualificación de gravemente prexudiciais e levarán asociadas as medidas de suspensión temporal da asistencia ao centro ou cambio de centro (art. 39.2 do Decreto 8/2015).

Reparación de danos causados:

a) O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por descoido, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.
b) Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, haberá de repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que impoña a corrección da conduta.
c) Fomentarase a responsabilidade no coidado de materiais propios e do centro, recaendo no propio alumnado o deber de coidar ou restituír os materiais danados ou desaparecidos no centro escolar.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

d) O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos nos dous parágrafos anteriores é compatible coas correccións disciplinarias que, no seu caso, correspondan.

1. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:

a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, convicción políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ó persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito ao honor, á dignidade da persoa, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
e) As actuacións que constitúan acoso escolar de acordo co establecido no artigo 28 da Lei 4/2011
f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por descoido grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.

j) Portar calquera obxecto, sustancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, se reputará indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos cando é requirido para iso polo profesorado.

k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

l) O incumprimento das sancións impostas.

→ Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais:

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ó desenvolvemento das actividades do centro.
b) Suspensión do dereito para participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
c) Cambio de grupo. Esta medida terá carácter excepcional.
d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ó centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
f) Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/ou nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o que consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.
g) Solicitude de cambio de centro. Esta medida correctora terá carácter excepcional. Só pode aplicarse logo de autorización da xefatura territorial, con informe da Inspección educativa, e non pode proporse no ensino obrigatorio se non existe outro centro que imparta esas ensinanzas na localidade (art. 40).

Nota: a readmisión anticipada do apartado f) non é unha medida correctora, senón unha posibilidade que recolle o art. 41.2 do Decreto 8/2015. A sexta medida do art. 39.1 é o cambio de centro.

Procedementos e prazos: as medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais impoñeranse mediante procedemento conciliado ou común (arts. 46 a 54 do Decreto 8/2015), con persoa instrutora, audiencia ao alumno/a e á familia e resolución da dirección. Poderá suspenderse a aplicación das medidas se se asina un compromiso educativo para a convivencia (art. 55). As condutas graves prescriben aos catro meses e as leves ao mes; as medidas correctoras das graves prescriben ao ano e as das leves aos catro meses (art. 56).

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

2. Condutas leves contrarias á convivencia:

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa no apartado *1.a)*.
b) Os actos de discriminación do apartado *1.b)*.
c) Os actos de indisciplina do apartado *1.c)*.
d) Os danos do apartado *1.g)*.
e) Os actos inxustificados do apartado *1.h)*.
f) As actuacións prexudiciais descritas no apartado *1.i)*. que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.
g) Portar calquera obxecto, sustancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.
h) A falta de asistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade.
i) A reiterada asistencia ó centro sen o material e a equipo precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.
j) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

→ Medidas correctoras:

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

a) Amoestación privada ou por escrito.
b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos.
c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
e) Suspensión do dereito para participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

suspensión, o alumnado terá que realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ó centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Responsables (art. 44): o profesorado pode impoñer as medidas a), b) e c); o titor/a, as a) a d); a xefatura de estudos ou a dirección pedagóxica, as a) e c) a f); e a dirección, as g) e h), que se comunicarán á familia antes de facerse efectivas e á Comisión de Convivencia.

No caso do alumnado de Ed. Infantil, dada a súa idade, considérase importante adaptar as correccións xerais da normativa do centro, como sigue:

- Explicación da mala conduta.
- Técnica do "tempo fora" da actividade.
- Privalo dunha actividade que lle guste.
- Reforzo positivo ante a recondución do comportamento.

↑ Volver ao índice

VIII. NORMAS ESPECÍFICAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

A comisión de convivencia exercerá as seguintes funcións:

- Colaborar na elaboración do plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Colaborar nas accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Poder propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia ó longo do curso e das actuacións desenvolvidas.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- Propor á dirección as persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- Realizar o seguimento dos compromisos educativos para a convivencia subscritos no centro.
- Elaborar a memoria anual sobre a convivencia e a conflitividade, que aprobará o Consello Escolar a proposta da Comisión e formará parte da memoria anual do centro (art. 16.3 do Decreto 8/2015).
- Dar conta ao Consello Escolar, polo menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das medidas impostas.

↑ Volver ao índice

IX. MECANISMOS DE COORDINACIÓN INTERNA COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DA CONTORNA

- Orientación do alumnado e do profesorado na prevención e tratamento de situacións de conflito escolar a través de Departamento de Orientación do centro.
- Charlas/cafés pedagóxicos.
- Participación en programas ofertados polo Concello ou pola Policía.
- Coordinación cos Servizos Sociais municipais e a educadora ou educador social do Concello, e cos Centros Cívicos de Os Rosales e Labañou (apoio escolar e actividades).
- Coordinación co centro de saúde e coa unidade de saúde mental infanto-xuvenil de referencia cando proceda.
- Coordinación coa Inspección educativa e, se procede, coa Fiscalía de Menores e as Forzas e Corpos de Seguridade.
- Coordinación cos centros de procedencia e destino do alumnado (transicións e alumnado novo).
- Reunións de carácter xeral e entrevistas de carácter individual coas familias.
- Ao finalizar cada curso escolar realizarase a avaliación do plan

↑ Volver ao índice

X. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129

NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

O equipo directivo levará a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da comunidade educativa. Así mesmo, levará a cabo as actuacións necesarias para difundir as normas de convivencia na comunidade educativa.

Para a maior difusión posible do presente plan, articularanse as seguintes vías:

- Para toda a comunidade educativa publicarase na plataforma educativa e na páxina web do centro.
- Para o profesorado: o profesorado participará activamente no desenvolvemento das actividades propostas ao longo do curso que servirá de punto de partida para a elaboración de propostas de mellora.
- Para o alumnado: difundirase o contido do Plan de convivencia en titoría, así como na primeira reunión do CONSA de cada curso escolar e cantas veces sexa preciso.
- Para as familias: serán informadas de maneira xeral do contido do plan na reunión de inicio de curso e colgarase na plataforma educativa do centro.
- Na plataforma educativa colgaremos unha infografía das normas.

❖ PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA

Unha vez o Plan de Convivencia estea elaborado deberá ser presentado ao Claustro, despois de ser aprobado polo Consello Escolar e supervisado pola Administración educativa. O Plan de Convivencia formará parte do Proxecto Educativo de Centro, polo que este novo documento poderá, debido ás modificacións que se introduzan, xerar cambios noutros documentos do centro (PAT, RRI, PAD...). É convinte que o Plan sexa coñecido por tódolos membros da comunidade educativa. O equipo directivo arbitrará o procedemento para que o Plan de convivencia sexa coñecido por tódolos sectores da comunidade educativa e para que a Comisión de convivencia, o Claustro do centro, a ANPA, o consello escolar ou a xunta de delegados do alumnado realicen unha valoración do mesmo e fagan as súas aportacións ou propostas de modificación.

Así mesmo, o equipo pedagóxico, unha vez recollidas e estudadas ditas propostas e aportacións suxeridas polos diferentes sectores da comunidade escolar, elaborará, unha proposta de modificación do Plan de convivencia do centro da que dará traslado para a súa aprobación a o equipo directivo. A Comisión de Convivencia elabora e propón o plan e as súas modificacións, que aproba o Consello Escolar.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

Ao remate de cada curso, a Comisión de Convivencia elaborará a memoria do plan, que aprobará o Consello Escolar en pleno e formará parte da memoria anual do centro (art. 16.3 do Decreto 8/2015).

Cada unha das actividades realizadas serán obxecto de avaliación, mediante os seguintes instrumentos:

- Observación directa por parte do profesorado.
- Grao de participación de profesorado, alumnado, familias e institucións nas actividades programadas.
- Calidade e pertinencia dos documentos creados e das aportacións dos diferentes sectores da comunidade escolar.
- Análise das actas da Comisión de convivencia.
- Realización de enquisas que recollan a valoración do persoal, docente e non docente do centro, do alumnado e das familias sobre o desenvolvemento do presente plan.
- Análise das propostas de mellora.
- *Indicadores medibles:* número de partes leves e graves por trimestre e etapa, protocolos de acoso abertos e pechados, compromisos de convivencia, porcentaxe de satisfacción coa convivencia nas enquisas e participación nas actividades.

↑ Volver ao índice

XI. ANEXOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

❖ ELABORADOS POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

Contamos cos seguintes protocolos elaborados pola consellería de educación:

- Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia. A Consellería actualizouno e dixitalizouno en maio de 2026; os prazos e porcentaxes recóllense no apartado 5 das NOF.
  http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/content_type/learningobject/2014/01/31/af9923c775126876c57251c98ec20e0d.pdf

- Protocolo de tratamento educativo atención ao alumnado con trastorno do espectro autismo.
  https://www.edu.xunta.gal/portal/node/18483

- Protocolo de consenso sobre o TDA/H na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
  http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protected/content_type/advertisement/2014/07/02/libro_tdah_definitivo_16-06-14.pdf

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero (Consellería de Educación, 2016), que se aplica de acordo coa Lei 2/2014 galega e coa Lei 4/2023 estatal. https://igualdade.xunta.gal/gl/normativa

Ligazón:
https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_identidade_de_xenero.pdf.

O propio protocolo pide que cada centro recolla as súas medidas no plan de convivencia. No noso centro:

- Cando un alumno ou alumna, ou a súa familia se é menor, comunica por escrito unha identidade de xénero distinta da rexistrada, a dirección informa de inmediato ao Departamento de Orientación.
- Dirección, Orientación, titor ou titora e familia reúnense e acordan o nome que se usará nas comunicacións internas (listas, Educamos, taboleiros). Os documentos oficiais manteñen o nome rexistrado ata que cambie no Rexistro Civil.
- O alumno ou alumna usa os aseos e vestiarios que corresponden á súa identidade, coas medidas organizativas que fagan falta, e pode levar a variante do uniforme que prefira.
- Todo o proceso é confidencial.
- As burlas, a exclusión ou o acoso por este motivo corríxense como conduta gravemente prexudicial (Falta 3) e, se procede, actívase o protocolo de acoso e ciberacoso.

- Protocolo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.
  https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo_xeral_para_a_prevencion_deteccion_e_tratamento_do_acoso_e_ciberacoso_escolar_v.2.doc

- Protocolo de atención domiciliaria e hospitalaria.
  Ligazón oficial:
  http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/atencion_educativa_domiciliaria_v2.pdf

- Protocolo que regula o uso dos teléfonos móbiles nos centros educativos durante toda a xornada (Consellería, xaneiro 2024).
- Orde do 4 de xaneiro de 2024 sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos: https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20240104_orde_uso_mobiles_asinada.pdf
-

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

❖ **PROPIOS DO CENTRO**

- Catálogo faltas e sancións (CCC-R-CONV-02 CATÁLOGO FALTAS E SANCIÓNS V.3).
- Normas de organización e funcionamento de centro (CCC-PT-17 NORMAS ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DE CENTRO V.1)
- Protocolo de uso da aula de Informática (CCC-PT-05 PROTOCOLO AULA INFORMÁTICA V.4).
- Normas no laboratorio.
- Normas básicas para familias de alumnado novo de educación infantil (CCC-PT-06 NORMAS BÁSICAS PARA FAMILIAS DE ALUMNADO NOVO DE EI V.3).
- Protocolo uso ordenadores (CCC-PT-14 USO ORDENADORES V.2).
- Protocolo de exames de secundaria e bacharelato (CCC-PT-19 PROTOCOLO EXAMES ESO E BAC V.2).
- Protocolo alumnado reforzo (CCC-PT-01 PROTOCOLO REFORZO EDUCATIVO V.3).
- Protocolo de uso da biblioteca do centro (CCC-PT-20 PROTOCOLO USO BIBLIOTECA V.2).
- Administración de medicación.
- Protocolo de uso de móbiles e dispositivos (proposta).
- Protocolo de actuación da persoa coordinadora de benestar e protección (proposta).
- Modelo de compromiso educativo para a convivencia (proposta).

Outros documentos do centro relacionados coa convivencia que non se reproducen neste anexo e se poden consultar na secretaria do centro son:

- Protocolo acollida alumnado novo no centro (CCC-PT-15 PROTOCOLO ACOLLIDA ALUMNADO NOVO V.1).
- Protocolo atención familias (CCC-PT-16 PROTOCOLO ATENCIÓN FAMILIAS V.1).
- Pautas a seguir co Departamento de Orientación (CCC-PT-09 PAUTAS A SEGUIR CO DO V.2).
- Protocolo de uso da aula de Música (CCC-PT-18 PROTOCOLO AULA MÚSICA V.2).

Especificación dos anteriores documentos de centro:

➢ **CATÁLOGO FALTAS E SANCIÓNS**

O documento que recolle a tipificación das faltas e as correspondentes sancións está elaborado tralo estudo e análise da conflitividade no centro co fin de optimizar a resposta a estas situacións.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

As faltas que no RRI aparecen tipificadas como menos graves foron clasificadas como graves, tendo en conta as circunstancias paliativas e/ou atenuantes que aparecen a continuación.

Duración das medidas segundo o Decreto 8/2015: nas condutas leves, a suspensión da participación en actividades complementarias e extraescolares é de ata dúas semanas (art. 43.e) e o cambio de grupo, de ata unha semana (art. 43.f); nas condutas gravemente prexudiciais, esa suspensión é de entre dúas semanas e un mes (art. 39.1.b).

Quen aplica as medidas: o persoal de administración e servizos non impón medidas correctoras; comunica a incidencia ao titor/a ou á xefatura de estudos (art. 44 do Decreto 8/2015). Nas faltas leves, a suspensión da participación en actividades complementarias e extraescolares só a impón a xefatura de estudos ou a dirección (art. 44.1.c). A suspensión dos servizos complementarios retírase do catálogo porque non figura entre as medidas dos arts. 39 e 43.

Falta 1. As accións ou omisións contrarias ó **Carácter Propio** do Centro.

Leve se:
- Falta de intencionalidade.
- Observación dunha conduta habitual positivamente favorecedora da convivencia.
- O recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta.

Sanción: Profesor

a) Amoestación privada ou pública.

Grave se:
- Premeditación.
- A realización de forma colectiva.
- Reiteración.
- Non pide desculpas inmediatamente.

Sanción: Director Pedagóxico

a) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro, en horario non lectivo.

b) Realización de tarefas dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ó material do Centro ou ás pertenzas doutros membros da Comunidade Educativa, ou ás instalacións ou pertenzas das institucións coas que se relacione o Centro, en horario non lectivo.

c) Suspensión da participación nas actividades escolares complementarias, nas actividades extraescolares ou noutras actividades realizadas polo Centro.

Falta 2. As **agresións** físicas ou psíquicas, as **inxurias** e as **ofensas**, as **ameazas** e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

Leve se:
- Observación dunha conduta habitual positivamente favorecedora da convivencia.
- O recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

- A petición de escusas.

Sanción: Profesor

a) Amoestación privada ou pública.
b) Comparecencia inmediata ante o Titor.
f) Suspensión da participación nas actividades escolares complementarias, nas actividades extraescolares ou noutras actividades realizadas polo Centro.

Grave se:

- Premeditación.
- A realización de forma colectiva.
- O carácter vulnerable da vítima (en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro, o seu carácter).
- Non pide desculpas inmediatamente.
- Reiteración.

Sanción: Director Pedagóxico

a) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro, en horario non lectivo.
c) Suspensión da participación nas actividades escolares complementarias, nas actividades extraescolares ou noutras actividades realizadas polo Centro.
d) Suspensión da asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas.
e) Suspensión do dereito de asistencia ó Centro por un período de entre catro días lectivos e un mes.
f) Petición para cambio de Centro.
g) Aquelas outras que determine a lexislación vixente.

Falta 3. Os actos de **discriminación** contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, convicciónss políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Leve se:

- O recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta.
- A petición de escusas.
- A falta de intencionalidade.
- A observancia dunha conduta habitual positivamente favorecedora da convivencia.
- A reparación inmediata do dano causado.

Sanción: Profesor ou Titor

a) Amoestación privada ou pública.
* Comparecencia inmediata ante o Titor.

Grave se:

- Premeditación.
- A realización de forma colectiva.
- O carácter vulnerable da vítima.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

- Reiteración.
  - Non pide desculpas inmediatamente.

Sanción: Director Pedagóxico

a) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro.
c) Suspensión da participación nas actividades escolares complementarias, nas actividades extraescolares ou noutras actividades realizadas polo Centro.
d) Suspensión da asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas.
e) Suspensión do dereito de asistencia ó Centro por un período de entre catro días lectivos e un mes.
f) Petición para cambio de Centro.
g) Aquelas outras que determine a lexislación vixente.

Falta 4. Os actos individuais ou colectivos de **desafío á autoridade** do profesorado e ao persoal de administración e de servizos.

Leve se:

- O recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta.
- A petición de escusas.
- A observancia dunha conduta habitual positivamente favorecedora da convivencia.

Sanción: Profesor ou Titor

a) Amoestación privada ou pública.
* Comparecencia inmediata ante o Titor.

Grave se:

- Premeditación.
- A realización de forma colectiva.
- Reiteración.
  - Non pide desculpas inmediatamente.

Sanción: Director Pedagóxico

a) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro.
c) Suspensión da participación nas actividades escolares complementarias, nas actividades extraescolares ou noutras actividades realizadas polo Centro.
d) Suspensión da asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas.
e) Suspensión do dereito de asistencia ó Centro por un período de entre catro días lectivos e un mes.
f) Petición para cambio de Centro.
g) Aquelas outras que determine a lexislación vixente.

Falta 5. Os **danos** causados de forma intencionada ou por descoido ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software,

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa substracción.

Leve se:
- O recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta.
- A petición de escusas nos casos de inxurias, ofensas e alteración do desenvolvemento das actividades do Centro.
- A observancia dunha conduta habitual positivamente favorecedora da convivencia.
- A reparación inmediata do dano causado.

Sanción: Profesor ou Titor

a) Amoestación privada ou pública.
* Comparecencia inmediata ante o Titor.
* Reparación ou reposición do dano causado.

Grave se:
- Premeditación.
- A realización de forma colectiva.
- Reiteración.
- Non pide desculpas inmediatamente.

Sanción: Director Pedagóxico

c) Suspensión da participación nas actividades escolares complementarias, nas actividades extraescolares ou noutras actividades realizadas polo Centro.
e) Suspensión da asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas.
f) Suspensión do dereito de asistencia ó Centro por un período de entre catro días lectivos e un mes.
h) Aquelas outras que determine a lexislación vixente.
* Comparecencia inmediata ante o Director Pedagóxico.
* Reparación ou reposición do dano causado.

Falta 6. Os actos inxustificados que perturben o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

Leve se:
- O recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta.
- A petición de escusas nos casos de inxurias, ofensas e alteración do desenvolvemento das actividades do Centro.
- A falta de intencionalidade.
- A observancia dunha conduta habitual positivamente favorecedora da convivencia.
- A reparación inmediata do dano causado.

Sanción: Profesor ou Titor

a) Amoestación privada ou pública.
* Comparecencia inmediata ante o Titor.

Grave se:

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129

NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

- Premeditación.
- A realización de forma colectiva.
- Reiteración.
  - Non pide desculpas inmediatamente.

Sanción: Director Pedagóxico

a) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro, en horario non lectivo.
b) Realización de tarefas dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ó material do Centro ou ás pertenzas doutros membros da Comunidade Educativa, ou ás instalacións ou pertenzas das institucións coas que se relacione o Centro, en horario non lectivo.
c) Suspensión da participación nas actividades escolares complementarias, nas actividades extraescolares ou noutras actividades realizadas polo Centro.
d) Suspensión da asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas.
e) Suspensión do dereito de asistencia ó Centro por un período de entre catro días lectivos e un mes.
f) Petición para cambio de Centro.
g) Aquelas outras que determine a lexislación vixente.

* Comparecencia inmediata ante o Director Pedagóxico.

Falta 7. As actuacións prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.

Leve se:

- O recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta.
- A petición de escusas nos casos de inxurias, ofensas e alteración do desenvolvemento das actividades do Centro.
- A falta de intencionalidade.
- A observancia dunha conduta habitual positivamente favorecedora da convivencia.
- A reparación inmediata do dano causado.

Sanción: Profesor ou Titor

a) Amoestación privada ou pública.

* Comparecencia inmediata ante o Titor.

Grave se:

- Premeditación.
- A realización de forma colectiva.
- O carácter vulnerable da vítima (en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro).
- Reiteración.
  - Non pide desculpas inmediatamente.

Sanción: Director Pedagóxico

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

a) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro, en horario non lectivo.
c) Suspensión da participación nas actividades escolares complementarias, nas actividades extraescolares ou noutras actividades realizadas polo Centro.
e) Suspensión da asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas.
f) Suspensión do dereito de asistencia ó Centro por un período de entre catro días lectivos e un mes.
g) Petición para cambio de Centro.
h) Aquelas outras que determine a lexislación vixente.
* Comparecencia inmediata ante o Director Pedagóxico.

Falta 8. Portar calquera obxecto, sustancia ou produto perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa.

Leve se:
- O recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta.
- A petición de escusas nos casos de inxurias, ofensas e alteración do desenvolvemento das actividades do Centro.
- A falta de intencionalidade.
- A observancia dunha conduta habitual positivamente favorecedora da convivencia.
- A reparación inmediata do dano causado.

Sanción: Profesor ou Titor
a) Amoestación privada ou pública.
* Comparecencia inmediata ante o Titor.

Grave se:
- Premeditación.
- A realización de forma colectiva.
- A perigosidade do obxecto, sustancia ou produto.
- O carácter vulnerable da vítima (en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro).
- Reiteración.
  - Non pide desculpas inmediatamente.

Sanción: Director Pedagóxico
a) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro, en horario non lectivo.
c) Suspensión da participación nas actividades escolares complementarias, nas actividades extraescolares ou noutras actividades realizadas polo Centro.
e) Suspensión da asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas.
f) Suspensión do dereito de asistencia ó Centro por un período de entre catro días lectivos e un mes.
g) Petición para cambio de Centro.
h) Aquelas outras que determine a lexislación vixente.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

* Comparecencia inmediata ante o Director Pedagóxico.

Falta 9. Non vir correctamente uniformado (incluídas as cazadoras), tendo en conta o uso correcto do chándal (E.I., E.P. e ESO), ou traer indumentaria non axeitada para o ámbito educativo (BAC). En Bacharelato non estará permitido asistir a clase en rousa deportiva fora das horas de Educación Física.

Leve se:
- O recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta.
- A observancia dunha conduta habitual positivamente favorecedora da convivencia.

Sanción: Profesor ou Titor

a) Amoestación privada ou pública.

* Comparecencia inmediata ante o Titor.

Grave se:
- A premeditación e a reiteración.
- A publicidade e difusión, por calquera medio, da conduta.
- A realización de forma colectiva.
- Aquelas outras que estableza a lexislación vixente.
- Non pide desculpas inmediatamente.

Sanción: Director Pedagóxico

a) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro.

c) Suspensión da participación nas actividades escolares complementarias, nas actividades extraescolares ou noutras actividades realizadas polo Centro.

h) Aquelas outras que determine a lexislación vixente.

* Comparecencia inmediata ante o Director Pedagóxico.

Falta 10. Uso de teléfonos móbiles, excepto cando se utilice como ferramenta pedagóxica, e outros dispositivos tecnolóxicos. O uso libre está prohibido en todo o recinto e durante toda a xornada, incluídos recreos, comedor e actividades complementarias (protocolo da Consellería de xaneiro de 2024).

Leve se:
- O recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta.
- A petición de escusas nos casos de inxurias, ofensas e alteración do desenvolvemento das actividades do Centro.
- A observancia dunha conduta habitual positivamente favorecedora da convivencia.

Sanción: Profesor ou Titor

a) Amoestación privada ou pública.

* Comparecencia inmediata ante o Titor.

Grave se:
- A premeditación e a reiteración.
- O dano, inxuria ou ofensa ós compañeiros de menor idade ou ós de recente incorporación ó Centro.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

- Calquera acto que entrañe ou fomente a violencia, de actitudes desafiantes, ameazadoras ou irrespectuosas e de acoso dentro e fora do Centro, a discriminación, o racismo, a xenofobia ou o menoscabo dos principios do Carácter Propio ou do Proxecto Educativo.
- A publicidade e difusión, por calquera medio, da conduta.
- As condutas atentatorias contra os dereitos dos profesionais do Centro, a súa integridade física e moral, a súa dignidade e a súa autoridade.
- A realización de forma colectiva.
- Aquelas outras que estableza a lexislación vixente.
- Non pide desculpas inmediatamente.

Sanción: Director Pedagóxico

a) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro, en horario non lectivo.
Suspensión da participación nas actividades escolares complementarias, nas actividades extraescolares ou noutras actividades realizadas polo Centro.
b) Suspensión da asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas.
c) Suspensión do dereito de asistencia ó Centro por un período de entre catro días lectivos e un mes.
e) Petición de cambio de Centro.
f) Aquelas outras que determine a lexislación vixente.

* Comparecencia inmediata ante o Director Pedagóxico.
* Retirada **do móbil, que será entregado ós pais nun período non inferior a 3 días.**

Falta 11. A falta de asistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade.

Leve se:

- O recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta.
- A falta de intencionalidade.
- A observancia dunha conduta habitual positivamente favorecedora da convivencia.

Sanción: Profesor ou Titor

a) Amoestación privada ou pública.
* Comparecencia inmediata ante o Titor.

Grave se:

- A premeditación e a reiteración (5 retrasos non xustificados).
- A realización de forma colectiva.
- Aquelas outras que estableza a lexislación vixente.

. Non pide desculpas inmediatamente.

Sanción: Director Pedagóxico

a) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro, en horario non lectivo.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

b) Realización de tarefas dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ó material do Centro ou ás pertenzas doutros membros da Comunidade Educativa, ou ás instalacións ou pertenzas das institucións coas que se relacione o Centro, en horario non lectivo.
c) Suspensión da participación nas actividades escolares complementarias, nas actividades extraescolares ou noutras actividades realizadas polo Centro.
d) Suspensión da asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas.
e) Suspensión do dereito de asistencia ó Centro por un período de entre catro días lectivos e un mes.
f) Petición de cambio de Centro.
g) Aquelas outras que determine a lexislación vixente.
* Comparecencia inmediata ante o Director Pedagóxico.

Falta 12. A asistencia ao centro sen o material e equipo precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

Leve se:
- O recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta.
- A falta de intencionalidade.
- A observancia dunha conduta habitual positivamente favorecedora da convivencia.

Sanción: Profesor ou Titor
a) Amoestación privada ou pública.
* Comparecencia inmediata ante o Titor.

Grave se:
- A premeditación e a reiteración.
- A realización de forma colectiva.
- Aquelas outras que estableza a lexislación vixente.
- Non pide desculpas inmediatamente.

Sanción: Director Pedagóxico
a) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro, en horario non lectivo.
b) Realización de tarefas dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ó material do Centro ou ás pertenzas doutros membros da Comunidade Educativa, ou ás instalacións ou pertenzas das institucións coas que se relacione o Centro, en horario non lectivo.
c) Suspensión da participación nas actividades escolares complementarias, nas actividades extraescolares ou noutras actividades realizadas polo Centro.
d) Suspensión da asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas.
e) Suspensión do dereito de asistencia ó Centro por un período de entre catro días lectivos e un mes.
f) Petición de cambio de Centro.
g) Aquelas outras que determine a lexislación vixente.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

* Comparecencia inmediata ante o Director Pedagóxico.

As seguintes faltas non se consideras leves en ningún caso, e serán sancionadas pola Dirección Pedagóxica:

Falta 13. A **suplantación de personalidade** en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

Sanción: Director Pedagóxico

a) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro, en horario non lectivo.
b) Suspensión da participación nas actividades escolares complementarias, nas actividades extraescolares ou noutras actividades realizadas polo Centro.
c) Suspensión da asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas.
d) Suspensión do dereito de asistencia ó Centro por un período de entre catro días lectivos e un mes.
e) Petición para cambio de Centro.
f) Aquelas outras que determine a lexislación vixente.
* Comparecencia inmediata ante o Director Pedagóxico.
* Suspensión da participación nas actividades fora do centro, incluída a excursión de fin de curso.

Falta 14. O incumprimento das sancións impostas.

Sanción: Director Pedagóxico

a) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro, en horario non lectivo.
b) Realización de tarefas dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ó material do Centro ou ás pertenzas doutros membros da Comunidade Educativa, ou ás instalacións ou pertenzas das institucións coas que se relacione o Centro, en horario non lectivo.
c) Suspensión da participación nas actividades escolares complementarias, nas actividades extraescolares ou noutras actividades realizadas polo Centro.
d) Suspensión da asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas.
e) Suspensión do dereito de asistencia ó Centro por un período de entre catro días lectivos e un mes.
f) Petición de cambio de Centro.
g) Aquelas outras que determine a lexislación vixente.
* Comparecencia inmediata ante o Director Pedagóxico.
* Suspensión da participación nas actividades fora do centro, incluída a excursión de fin de curso.

Falta 15. A **reiteración**, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia (5 reiteracións).

Sanción: Director Pedagóxico

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

a) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro, en horario non lectivo.
b) Realización de tarefas dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ó material do Centro ou ás pertenzas doutros membros da Comunidade Educativa, ou ás instalacións ou pertenzas das institucións coas que se relacione o Centro, en horario non lectivo.
c) Suspensión da participación nas actividades escolares complementarias, nas actividades extraescolares ou noutras actividades realizadas polo Centro.
d) Suspensión da asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas.
e) Suspensión do dereito de asistencia ó Centro por un período de entre catro días lectivos e un mes.
f) Petición de cambio de Centro.
g) Aquelas outras que determine a lexislación vixente.
* Comparecencia inmediata ante o Director Pedagóxico.
* Suspensión da participación nas actividades fora do centro, incluída a excursión de fin de curso.

Falta 16. A **gravación**, manipulación ou **difusión** por calquera medio **de imaxes** ou informacións que atenten contra o dereito ao honor, á dignidade da persoa, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

Sanción: Director Pedagóxico
a) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro, en horario non lectivo.
b) Suspensión da participación nas actividades escolares complementarias, nas actividades extraescolares ou noutras actividades realizadas polo Centro.
c) Suspensión da asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas.
d) Suspensión do dereito de asistencia ó Centro por un período de entre catro días lectivos e un mes.
e) Petición para cambio de Centro.
f) Aquelas outras que determine a lexislación vixente.
* Suspensión da participación nas actividades fora do centro, incluída a excursión de fin de curso.

Falta 17. Uso inapropiado da biblioteca escolar

Leve se:
- O recoñecemento e reparación da conduta incorrecta.
- A falta de intencionalidade.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

Sanción: responsable da biblioteca ou profesor

a) Amoestación privada ou pública.
b) Incidencia

Grave se:

- A premeditación e a reiteración (3 chamadas de atención /incidencias).
- A realización de forma colectiva.
- Reiteracións dos feitos.

Sanción: Director Pedagóxico

a) Suspensión do uso da biblioteca durante 30 días.
b) A continuidade dun comportamento inapropiado levara consigo a expulsión do servicio durante o curso escolar.

Falta 18. Nas clases virtuais, o alumnado deberá manter unha conduta axeitada, sen interrumpir as clases, participando de xeito ordenado... de non ser así aplicaránse as sancións estipuladas no presente plan en función da tipoloxía da falta (ver faltas nº 6, nº 11, nº 15-17...).

Falta 19. Uso, tenza ou consumo de cigarros electrónicos, vapeadores, bolsas de nicotina ou produtos similares no recinto escolar, no transporte escolar e nas actividades complementarias e extraescolares.

Leve se:

- É a primeira vez.
- O recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta.
- Entrega o produto de forma voluntaria.

Sanción: Profesor ou Titor

a) Amoestación privada ou pública.

b) Comparecencia inmediata ante o Titor.

* Retirada do produto, que se lle entrega á familia, e aviso á familia o mesmo día.

Grave se:

- Reiteración.
- Facilitalo, vendelo ou compartilo con outros alumnos ou alumnas, sobre todo se son máis novos.
- A realización de forma colectiva.

Sanción: Director Pedagóxico

a) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro, en horario non lectivo.

b) Suspensión da participación nas actividades escolares complementarias, nas actividades extraescolares ou noutras actividades realizadas polo Centro.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129

NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

c) Suspensión da asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas.

d) Suspensión do dereito de asistencia ó Centro por un período de entre catro días lectivos e un mes.

e) Aquelas outras que determine a lexislación vixente.

* Sesión de prevención co Departamento de Orientación.

Nota: se o dispositivo contén substancias distintas da nicotina, aplícase a Falta 8.

Falta 20. Crear, manipular ou difundir por calquera medio imaxes, vídeos, audios ou textos xerados ou alterados con intelixencia artificial (montaxes, suplantacións ou deepfakes) que atenten contra a dignidade, a intimidade ou a propia imaxe de calquera membro da comunidade educativa.

Sanción: Director Pedagóxico

a) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro, en horario non lectivo.

b) Suspensión da participación nas actividades escolares complementarias, nas actividades extraescolares ou noutras actividades realizadas polo Centro.

c) Suspensión da asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas.

d) Suspensión do dereito de asistencia ó Centro por un período de entre catro días lectivos e un mes.

e) Petición para cambio de Centro.

f) Aquelas outras que determine a lexislación vixente.

* Retirada do contido de todas as canles onde se publicou e petición de desculpas á persoa afectada.

* Suspensión da participación nas actividades fóra do centro, incluída a excursión de fin de curso.

Nota: esta falta é sempre grave, igual que a Falta 16. Se forma parte dunha situación de acoso, actívase o protocolo de acoso e ciberacoso. Se hai indicios de delito, a dirección comunícao á Fiscalía de Menores ou ás Forzas e Corpos de Seguridade.

Falta 21. Insultos, burlas, ameazas, exclusión deliberada ou difusión de datos persoais nos grupos de mensaxería ou nas redes sociais do alumnado, aínda que ocorran fóra do horario escolar, cando estean relacionados coa vida escolar e afecten a outros membros da comunidade educativa (art. 36.2 do Decreto 8/2015).

Leve se:

- Falta de intencionalidade.
- O recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta.
- A petición de escusas e a retirada inmediata da mensaxe.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

Sanción: Profesor ou Titor

a) Amoestación privada ou pública.

b) Comparecencia inmediata ante o Titor.

* Aviso á familia.

Grave se:

- Premeditación.
- A realización de forma colectiva.
- O carácter vulnerable da vítima.
- Reiteración.

Sanción: Director Pedagóxico

a) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro, en horario non lectivo.

b) Suspensión da participación nas actividades escolares complementarias, nas actividades extraescolares ou noutras actividades realizadas polo Centro.

c) Suspensión da asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas.

d) Suspensión do dereito de asistencia ó Centro por un período de entre catro días lectivos e un mes.

e) Petición para cambio de Centro.

f) Aquelas outras que determine a lexislación vixente.

Nota: se as mensaxes se repiten contra a mesma persoa, valórase activar o protocolo de acoso e ciberacoso.

Durante o período que duren as correccións sinaladas nos puntos e[1]) e f[2]), o alumno deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo.

Todas aquelas faltas que non están tipificadas en este catálogo serán estudadas polo órgano competente nesta materia.

➢ NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

O presente protocolo ten a finalidade, xunto coa Guía de Centro, de servir como instrumento útil para mellorar a organización e o funcionamento do centro. As NOF

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129

NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

revísanse cada curso e danse a coñecer ao alumnado e ás familias ao comezo de curso.

1. COMEZO CURSO:

Ao inicio de cada curso deberase ter en conta o seguinte:

–O primeiro día hábil de setembro todo o profesorado preséntase no colexio á hora marcada pola dirección.

–Nos días previos ao inicio da actividade lectiva cos alumnos/as, o profesorado prepara os documentos e rexistros necesarios para o desenvolvemento da acción docente.

–O profesorado custodiará os exames do curso anterior e destruirá os de cursos previos.

–Todo o profesorado participará na decoración de corredores comúns e cada titor/a encargarase da súa clase.

–O primeiro día de actividade lectiva cos alumnos/as, o titor/a recibe ao seu grupo, pasa lista, explica as normas xerais de convivencia, informa do horario e, de ser necesario, presenta ao resto do profesorado. Nos días seguintes revisa os libros do alumnado, de ser o caso, e comproba que estes sexan os axeitados. Tamén presenta o obxectivo xeral do curso para todo o centro, o lema e valores, o plan de convivencia e todo aquilo que se acorde na etapa ou ciclo.

–Os primeiros días de curso estarán destinados a que cada profesor/a, en cada curso, presente a metodoloxía a seguir de cada materia e realice as avaliacións iniciais. Tamén presentará os criterios de cualificación das súas materias.

–Durante a primeira semana, cada titor/a traballa co grupo as normas de convivencia e de aula e a norma de uso de móbiles. Co alumnado que se incorpore máis tarde faise no momento da súa chegada.

2. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

Existen momentos importantes ao longo do curso nos que é necesario informar ás familias:

- Matriculación no centro.
- Inicio do curso escolar.
- Seguimento do curso.
- Final de curso.

ii) Matriculación no Centro

No proceso de matriculación a Dirección do Centro/Secretaría entrega e informa as familias do seguinte:

- Ideario do Centro.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

- Normas e organización do mesmo.
- Oferta de actividades extraescolares e servizos complementarios.
- Datas de inicio de curso e convocatoria para a reunión inicial (soamente no caso de alumnado de 1º de Educación Infantil (3 anos).
- Información sobre o tratamento de datos persoais (RGPD e LOPDGDD).
- Ficha de datos persoais do alumno/a (formará parte do historial do alumno/a).
- Listado de libros e material para o curso (licencias dixitais, fondo de libros, uso de dispositivos).
- Aportación familiar para o mantemento do centro.
- Horario e organización do Centro.
- Período de adaptación: obxectivos e organización.
- Horario de atención a familias.
- Proxectos e recursos do centro.
- Información da ANPA.
- Utilidades da páxina web e a vía de comunicación co Centro – Plataforma Educativa: Educamos.
- Instalacións do centro.

De todo isto, ademais, entregáselles por escrito a seguinte documentación que deberán asinar no formulario de matrícula:

- Información resumida do colexio.
- Compromiso das nais/pais/titores legais.
- Autorización de dereitos de imaxe do alumnado.
- Aportación a favor do Instituto Calasancio, Fillas da Divina Pastora.
- Domiciliación de pagos.
- Tratamento de datos persoais.

iii) <u>Inicio do curso escolar</u>

Ao inicio do curso escolar, a dirección elabora a Programación Xeral Anual (PXA) que se publicará na plataforma educativa:

- Ideario do Centro.
- Lema ou obxectivo do curso.
- Horario e organización do Centro.
- Horario de atención a familias.
- Normas, dereitos e deberes.
- Plan de Convivencia e nome e contacto da persoa coordinadora de benestar e protección.
- Calendario escolar e datas das avaliacións.
- Oferta de actividades extraescolares.
- Oferta e organización dos servizos complementarios.

Durante o mes de setembro celebraranse as reunións de inicio de curso coas familias. No caso das novas familias de 3 anos realizarase unha primeira reunión de acollida no mes de xuño/xullo para darlles información relevante de cara ao curso

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

que comeza. Ditas reunións son convocadas pola Dirección Pedagóxica e son coordinadas polos titores/as do curso.

Infórmase dos aspectos máis xerais que afectan ao grupo de alumnos/as (normas de convivencia, actividades complementarias e culturais, extraescolares, etc.) seguindo o seguinte guión:

- Lema ou obxectivo do curso.
- Aportación familiar para o mantemento do centro.
- Horario de atención a familias.
- Normas.
- Proxectos e recursos do centro como elementos diferenciadores do Centro.
- Información da ANPA.
- Obxectivos da etapa ou curso máis salientables.
- Información sobre a avaliación.
- Pautas para a colaboración das familias co profesorado.
- Pautas de traballo para os seus fillos/as.
- Datas das avaliacións e entrega de informes.
- Saídas complementarias/excursións.
- Xustificación de retrasos ou ausencias.
- Norma de uso de móbiles e canles para comunicar posibles casos de acoso ou ciberacoso.
- Utilidades da páxina web e cauce de comunicación coa plataforma Educamos.
- Proxecto de Interioridade.

iv) Seguimento do curso

Unha das funcións dos titores/as é a de manter informados aos pais/nais/titores legais dos alumnos/as que titoriza. A principal ferramenta de información é a entrevista persoal presencial, que pode ser solicitada polo titor/a ou pola familia e, en casos puntuais, poderase realizar a través de Teams ou chamada telefónica. As entrevistas presenciais terán lugar sempre dentro do recinto escolar.

O titor/a ten a obriga de entrevistarse, como mínimo, unha vez entre o primeiro e o segundo trimestre e as que fosen necesarias para informar da evolución do alumno/a a nivel académico e de convivencia.

Para proceder ás entrevistas, hai que ter en conta o seguinte:

- Se un profesor/a non titor/a precisa falar coas familias ou viceversa, deberáselle comunicar ao titor/a.
- A información recollida nas entrevistas quedará rexistrada na plataforma educativa. Dita información incluirá os seguintes puntos: data, motivo, persoas presentes e acordos.
- No caso de considerar necesaria a derivación do alumno/a ao Departamento de Orientación cubrirase a ficha de solicitude de intervención.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

Ao longo do curso, os titores/as e profesores/as recollen información do grupo de alumnos/as na plataforma Educamos, á que pode acceder cada familia coa súa clave persoal.

Na plataforma, os profesores/as rexistran información referente a:

- Retrasos e ausencias.
- Tarefas.
- Datas de exames e probas de avaliación.
- Datas sinaladas de reunións ou entrevistas co titor/a.
- Seguimento do alumno/a.

O Equipo Directivo ao principio de curso, planifica encontros lúdicos ou formativos coas familias a realizar durante o curso, invitándoos a participar na vida do centro. Un dos encontros que se realiza tódolos anos é o Festival Solidario de Final de Curso, onde invítase ás familias a presenciar dito festival organizado polo profesorado e o alumnado de infantil e primaria.

v) Final do curso

A final de curso, infórmase as familias do seguinte:

- Oferta de servizos para o vindeiro curso.
- Premios ou recoñecementos recibidos polo centro.
- Listado de libros de texto para o vindeiro curso.
- Cambios ou modificacións importantes do centro.

3. DESENVOLVEMENTO DAS CLASES:

O alumno debe permanecer dentro da aula ata que chegue o profesor/a que corresponda. Mentres tanto, o alumno/a deberá preparar o material da seguinte materia e favorecer así o normal desenvolvemento da mesma.

O alumno/a amosará interese nas clases, atendendo durante as explicacións, preguntando o que non entende, traendo o material necesario e entregando os traballos no tempo previsto.

O alumno/a coidará e respectará o material de traballo, o propio, o dos compañeiros/as e o común.

Está prohibido comer durante as clases ou intercambios. Si se permitirá beber auga sempre que o profesor o indique.

Os alumnos/as non poderán abandonar o centro durante a xornada escolar, agás coa autorización correspondente dos seus pais/nais ou titores legais.

Non se poderán usar teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos no colexio (cámara de fotos, smartwatch, tablets, ipod, etc.) durante a totalidade da xornada escolar, incorporando períodos non lectivos, agás autorización expresa do mestre/a para fins educativos (Orde do 4 de xaneiro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos). O colexio non se fará

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

responsable do uso indebido dos dispositivos electrónicos nin admitirá ningunha reclamación en caso de perda ou desaparición.

De non cumprirse o anterior, o profesorado anotará a falta na plataforma Educamos e retirará o aparello, que entregará na Xefatura de Estudos para que quede gardado nas oficinas do centro. Pasados 3 días, os pais, nais ou titores legais poderán recollelo nas oficinas no horario de atención a familias.

4. AULAS ESPECÍFICAS:

EI e EP:

O alumnado sairá en orde e en silencio para non molestar ao resto das aulas. O profesor/a estará pendente de toda a clase durante o desprazamento dunha aula a outra e para que todo transcorra con normalidade. Ao chegar, realizarán a actividade programada.

A aula de Madrugadores permanecerá aberta desde as 7.30 ata as 8.50 h da mañá para o alumnado de Infantil e Primaria. Fóra deste horario, non se pode ir a ela.

ESO e BAC:

A saída de cada grupo será organizada por cada profesor/a, evitando as aglomeracións, carreiras, gritos, ruídos e outras manifestacións molestas.

Nas aulas especializadas observarase o protocolo correspondente (Laboratorio, Aula de Informática, Aula SER...).

Na semana de exames de secundaria e bacharelato, os alumnos/as poden usar a biblioteca para estudar facendo un uso axeitado da mesma. En caso contrario, non se lles permitirá o acceso sen un profesor.

5. ENTRADA AO CENTRO ESCOLAR:

Os alumnos/as accederán ao centro pola porta do parking de autobuses. Esta porta abrirase dez minutos antes da hora de entrada a clase (8.15h ata 8.25h). So poderán acceder ao centro pola porta de portaría en casos excepcionais.

Unha vez dentro dirixiranse á súa aula directamente, sen deterse no patio interior, corredores ou escaleiras e esperarán a chegada do docente mantendo a orde.

A familia do alumno/a que non asista a clase por motivos xustificados ou entre ao centro fora do horario estipulado notificarao ao titor/a con antelación través da plataforma, axenda ou caderno de comunicacións e xustificará a ausencia/retraso indicando o motivo.

Os titores/as controlarán as ausencias/retrasos dos seus titorandos semanalmente. En caso de que un alumno/a teña retrasos/ausencias reiteradas (5 retrasos e 3 ausencias), o titor/a informará á familia para coñecer a causa das mesmas e, en caso de ter un número excesivo, comunicarao por escrito á Dirección do centro e esta procederá segundo as canles legais.

As faltas sen xustificar teñen que xustificarse ante o titor/a nun prazo de dous días lectivos. Cando cheguen ao 6 % do horario mensual, o titor/a contacta coa

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

familia; ao chegar ao 10 %, valórase abrir o expediente de absentismo segundo o Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia (actualizado pola Consellería en maio de 2026).

No boletín trimestral de notas recolleranse o total de faltas e retrasos.

6. SAÍDA DO CENTRO ESCOLAR:

Os alumnos/as recollerán a aula e tratarán de que todo o que nela hai se manteña limpo, recollido e en bo estado. Isto implica que as aulas deberán quedar recollidas ao final da mañá e ao final da tarde, sen papeis polo chan, desorde, cadeiras descolocadas, etc. O profesorado velará por esta orde na aula.

EI e EP:

Ao mediodía o alumnado usuario de comedor sairá antes que o resto da clase e dirixirase ao comedor ou ao patio (en función da súa quenda de comedor) cando o profesor/a o indique. O resto de alumnado sairá co profesor/a no horario establecido polas saídas indicadas en función do curso (portalón de 3 anos, saída aula Ser ou saída autobuses). Aqueles que se desprazan no autobús escolar e non lles corresponda saír por esa porta serán acompañados por un profesor/a ata a mesma.

Pola tarde sairase do mesmo xeito tendo en conta que o alumnado que participa en extraescolares no centro dirixirase á zona indicada para cada actividade. Alí estarán os monitores/as esperando.

O alumnado soamente poderá saír coas persoas autorizadas polas familias ou só a partir de 5º de EP, tamén previa autorización. Para estar autorizados, as familias entregarán aos titores/as a autorización correspondente proporcionada polo centro. Se houbese algún cambio deberán informar aos titores/as con antelación.

ESO e BAC:

A saída será pola zona de autobús á hora correspondente. Cada grupo sairá acompañado do profesor/a co que teña clase á última hora, tanto ao mediodía de luns a venres, coma os luns pola tarde.

O alumnado de BAC sairá pola porta de portería no seu horario correspondente.

7. UNIFORMIDADE:

O centro ten o seu propio uniforme, sendo este signo identificativo dos colexios da Institución.

O alumnado deberá asistir ás clases perfectamente uniformado, desde setembro ata xuño. As prendas exteriores e zapatos/deportivas teñen que ser de cor azul mariño/negro.

So se poderá usar o chándal os días que teñan clase de E. Física. Ao remate da clase de E.F., os rapaces deben asearse o indispensable e cambiar a camiseta, baixo a supervisión do profesor/a desta materia, para poder asistir á seguinte clase puntualmente.

As prendas de abrigo terán cores acordes co uniforme escolar.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129

NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

8. RECREOS:

- O profesor/a envía ao alumnado ao patio, sendo o último en abandonar a aula. Nas etapas de primaria, secundaria e bacharelato as aulas pecharanse con chave.

- Ningún alumno/a poderá abandonar o recinto escolar durante o recreo, agás o alumnado de Bacharelato, unha vez entregada a autorización ao titor/a.

- O patio estará vixiado polo profesorado correspondente segundo o calendario de distribución do profesorado enviado polas coordinacións de etapa.

- No caso de accidente durante o tempo de recreo, seguirase o seguinte modo de actuación:

- Se o accidente é leve, un dos profesores/as que coidan o patio atenderá ao alumno/a nese momento empregando o botiquín situado no corredor de infantil mentres o resto de profesores/as coidan o patio. Informarase á familia antes de que o alumno ou alumna saia do centro.

- Se o accidente é grave, un profesor/a subirá co neno/a á zona de portería para chamar á familia, avisando de antemán ao titor/a do neno/a. E ao mesmo tempo comunicará á secretaria do centro, para que elabore o parte de accidentes para presentalo no hospital de referencia. No caso de que non se atope nese momento ninguén do Departamento de Administración e Secretaría, comunicaráselle á familia que o leven ao Hospital de referencia e , despois, tramitarase o parte polo correspondente departamento.

- Se se require o servizo de ambulancia, un profesor/a avisará á Dirección do centro e darase aviso servizos sanitarios, avisando de antemán á familia e ao titor/a do neno/a.

- Se o profesorado de garda observa un conflito ou unha posible situación de acoso, comunícao ao titor/a e á xefatura de estudos o mesmo día e rexístrao en Educamos.

9. AUTORIZACIÓN IMAXES:

Seguindo o Regulamento (UE) 2016/679 (RGPD) e a Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, entregaremos ás familias ao inicio de curso unha autorización con toda a información sobre a forma de proceder do centro en relación á difusión das mesmas. As familias deberán entregar esta autorización dando permiso ou non ao centro a difundir as imaxes dos seus fillos/as a través da páxina web, redes sociais, prensa, etc.

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS FÓRA DO CENTRO ESCOLAR

Nas reunións de setembro de ciclo/etapa ou departamento decídense as actividades complementarias que se realizarán fóra do colexio (convivencias de inicio

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

de curso, visitas a museos ou outras entidades, excursións de fin de curso, etc.). Todas estas actividades deberán ser aprobadas polo Equipo Directivo para a súa posterior presentación ó Consello Escolar.

Informarase ás familias e o titor/a recollerá as autorizacións correspondentes, segundo se teña establecido no centro. Os alumnos/as que non presenten a autorización asinada polos pais/nais ou titores legais non poderán asistir ás actividades programadas, polo que quedarán co profesorado de garda (se hai) ou na aula que se lles indique.

O titor/a arquivará todas as autorizacións durante todo o curso escolar.

Despois de realizar a actividade, o titor/a ou profesor responsable da actividade, deberá avaliala no rexistro de avaliación de actividades complementarias, que tamén gardará durante todo o curso.

Nas actividades fóra do centro e no transporte escolar rexen as mesmas normas de convivencia ca no colexio, incluída a de uso de móbiles, salvo autorización do profesorado responsable.

11. ACTITUDES DE RESPECTO:

Cultivaremos en todo momento unha actitude de diálogo e respecto tanto no centro coma nos autobuses da ruta escolar. Utilizaremos un ton axeitado e unha linguaxe correcta. Fomentaremos o respecto a todo o persoal do centro.

Son consideradas faltas de respecto:

–Desacatar a autoridade dun profesor/a, monitor/a, membro do PAS ou persoal de limpeza.

–Condutas que impidan un desenvolvemento normal da actividade escolar dentro e fóra da aula.

–Faltar ás normas aquí expostas.

–Reiteramento no incumprimento das mesmas.

–As condutas que, fóra do centro ou nas redes sociais e grupos de mensaxería, estean relacionadas coa vida escolar e afecten a outros membros da comunidade educativa (art. 36.2 do Decreto 8/2015).

–E aqueloutras accións recollidas no *Regulamento de Réxime Interior* e no Plan de Convivencia.

Procedemento de actuación:

a) O alumno ou alumna que falte ao respecto a calquera membro da comunidade educativa será remitido de inmediato á xefatura de estudos ou á dirección, que o comunicarán ao titor/a e deixarán constancia en Educamos.

b) O titor/a informará á familia da medida correctora que corresponda segundo o Catálogo de faltas e sancións.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129

NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

➢ NORMAS ESPECÍFICAS DA AULA DE INFORMÁTICA

As seguintes normas teñen como finalidade facilitar o uso compartido dos ordenadores e protexer os equipos do uso inadecuado e garantir un uso seguro e responsable da rede e das ferramentas dixitais:

Estas normas complétanse co Protocolo de bo uso dos ordenadores (CCC-PT-14), que se aplica tamén aos computadores do propio alumnado.

1. Porase o máximo coidado posible no uso dos equipos.
2. Examinaranse os equipos antes de iniciar a sesión, se se detecta algunha deficiencia informarase ao profesorado.
3. O alumno/a ou alumnos/as que estean utilizando un ordenador serán os responsables dos posibles desperfectos que sufra. Terán que reparar ou pagar os danos que causen, como recolle o apartado "Reparación de danos causados" deste plan.
4. Durante as sesións de clase utilizaranse unicamente os programas indicados polo profesorado.
5. Aqueles desperfectos nun ordenador ou no mobiliario da aula, causados intencionadamente ou debidos a un uso inadecuado, corrixiranse segundo o Catálogo de faltas e sancións (Falta 5).
6. Está prohibido instalar programas ou aplicacións, descargar arquivos de internet, entrar en redes sociais, chats ou servizos de mensaxería e usar ferramentas de intelixencia artificial sen autorización do profesorado.
7. As ferramentas de intelixencia artificial só se usarán cando o profesorado o autorice e para a tarefa que indique. Os traballos feitos coa súa axuda terán que indicalo. Está prohibido crear ou difundir con elas contidos que atenten contra a dignidade, a intimidade ou a propia imaxe de calquera persoa (Falta 20 do Catálogo).
8. En ningún caso poderán usarse na aula programas de xogos, chat e visitas a páxinas web sen interese didáctico. Nunca sen o coñecemento do profesorado.
9. Está prohibido sacar programas ou periféricos dos equipos das aulas salvo autorización expresa do profesorado.
10. Considerarase falta grave o deterioro intencionado do mobiliario ou dos equipos así como o borrado de ficheiros do sistema operativo ou a introdución de claves nos programas. O art. 38.g do Decreto 8/2015 inclúe expresamente os equipos informáticos e o software entre os danos graves.
11. Será sancionable tamén a modificación da configuración orixinal dos ordenadores e os programas pois os equipos han de ser compartidos por múltiples usuarios e estas modificacións dificultan o uso dos programas por persoas diferentes ás que realizan a modificación.
12. Os ficheiros e traballos gárdanse só no espazo que indique o profesorado.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

13. Non se gardan ficheiros persoais nos equipos da aula.
14. Os ordenadores non teñen dono/a. Será o profesorado o que indique quen utiliza cada equipo.
15. Ao finalizar a sesión a aula debe quedar en perfecta orde co fin de facilitar a súa utilización por outros grupos. Hai que saír dos programas correctamente. Han de quedar as mesas ordenadas e limpas de papeis e as cadeiras colocadas.
16. Cada alumno ou alumna entra só coa súa conta e o seu contrasinal, non os comparte con ninguén e pecha a sesión ao rematar. Non se poden usar contas doutras persoas.
17. Non se pode gravar nin fotografar a ninguén sen o seu permiso, nin usar a cámara sen indicación do profesorado (punto 7 do Protocolo de bo uso dos ordenadores e Falta 16 do Catálogo).
18. Non se publican nin se comparten datos persoais, fotografías ou traballos doutras persoas sen o seu permiso (Regulamento (UE) 2016/679 e Lei Orgánica 3/2018).
19. Respectarase a propiedade intelectual: citar sempre as fontes e non presentar como propios traballos alleos.
20. Os teléfonos móbiles seguen a norma xeral do centro: apagados e gardados durante toda a xornada (apartado 3 das NOF).
21. Se alguén ve na pantalla contidos que lle fan dano ou recibe mensaxes ofensivas, avisa ao profesorado. Poden ser un caso de ciberacoso e activarse o protocolo de acoso e ciberacoso.

O incumprimento destas normas poderá ser sancionado en función da súa gravidade, segundo o Catálogo de faltas e sancións deste plan.

- **NORMAS NO LABORATORIO**

As seguintes normas teñen como finalidade o uso axeitado do laboratorio:

1. Normas persoais.

   ✓ Cada grupo responsabilizarase da súa zona de traballo e do seu material.

   ✓ E moi aconsellable, se se ten o pelo largo, levalo recollido ou metido na roupa, así como non levar colgantes.

   ✓ Lava as mans antes de saír do laboratorio.

   ✓ Non utilices o material de vidro roto; se se rompe algo avisa ao profesor/a.

2. Normas referentes á instalación.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

✓ As fiestras e portas han de abrir axeitadamente, xa que en caso de fumes excesivos é necesaria a máxima ventilación e, en caso de incendio, a mínima.

✓ Os armarios e estantes deben ofrecer un almacenamento para aparatos e produtos químicos e estar sempre en perfecta orde.

3. Normas referentes á orde.

✓ No laboratorio é necesario traballar en silencio.

✓ As sustancias tóxicas permanecerán en armario con chave.

✓ Certos produtos utilizados no laboratorio poden ser perigosos. Non se realizarán movementos bruscos, para evitar posibles roturas e salpicaduras.

✓ É imprescindible a limpeza do laboratorio, do seu instrumental e utensilios, así como que estea ordenado. Sempre é importante proceder ao seu lavado inmediatamente despois do seu uso.

✓ Nas mesas de laboratorio ou no chan, non poden depositarse prendas de vestir, apuntes, etc., que poden entorpecer o traballo.

4. Normas referentes á utilización de produtos químicos.

✓ Hai que fixarse nas etiquetas dos frascos dos reactivos que empreguemos, xa que nos proporcionan información dos posibles riscos no seu uso.

✓ Se hai frascos de uso xeral, para todo o laboratorio, estes non se deben levar nunca á mesa de traballo. Cando se precise do seu contido, tomarase a cantidade necesaria, nun recipiente axeitado, no lugar onde se encontren.

✓ Os reactivos, unha vez sacados dos frascos, nunca deberán ser devoltos aos mesmos, xa que poderían contaminar todo o seu contido. As cantidades que se saquen deberán ser as que se indican no guión das prácticas.

✓ Os reactivos líquidos e sólidos que se rexeiten, ou ben se deberán reciclar, ou deberán ser incluídos no sistema de recollida de produtos químicos que haxa adoptado ao centro. En todo caso haberá que consultar co profesor/a no momento de rexeitalos.

✓ Como regra xeral, non se pode coller ningún produto químico. O profesorado é o encargado de proporcionalos.

✓ No desenvolvemento das prácticas, non deberá de substituírse un reactivo por outro nin unha concentración por outra, a non ser que o indique o profesor/a.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

✓ Non deberá engadirse nunca un reactivo a un recipiente que se estea quentando, débese retirar primeiro a fonte calorífica.

✓ Os tubos de ensaio débense quentar sempre polas paredes, na zona media do líquido que conteñen, movéndoos continuamente e tendo a precaución de que a boca do tubo estea dirixida cara onde non haxa ninguén.

✓ Se se traballa con substancias inflamables, débese ter coidado de que non haxa chamas próximas.

✓ Os frascos de reactivos devolveranse ao seu sitio de costume unha vez usados, asegurándose de que estean convenientemente tapados.

✓ É de suma importancia que cando os produtos químicos de refugallo se vertan nas pilas de desaugue, aínda que estean debidamente neutralizados, enseguida circule polo mesmo abundante auga.

✓ Non tocar coas mans, e menos coa boca, os produtos químicos.

✓ Non pipetear coa boca ningún produto. Utilizar a bomba manual ou unha xiringa.

✓ Os ácidos requiren un coidado especial. Cando queiramos diluílos, nunca botaremos auga sobre eles; sempre ao contrario, é dicir, ácido sobre a auga. Os produtos inflamables non deben estar cerca de fontes de calor, como estufas, fogóns, radiadores, etc.

✓ Ao preparar calquera disolución, colocarase nun frasco limpo e rotulado.

✓ Non tocar ningún aparato eléctrico coas mans húmidas e desconectar os instrumentos eléctricos mentres se fan as conexións.

✓ Non se pode comer nin beber no laboratorio.

5. Actuación en caso de accidentes:

✓ Cando se verta calquera produto químico debe actuarse con rapidez, pero sen precipitación.

✓ Se se verte sobre ti calquera ácido ou produto corrosivo, lávate inmediatamente con moita auga e avisa ao profesor/a.

✓ No caso de incendio deberase empregalo extintor axeitado, para o cal se debe coñece-la súa situación no laboratorio, e o seu manexo.

✓ No caso de queimaduras, cortes ou accidentes deberase avisar inmediatamente ao profesor/a.

✓ Ao terminalas sesións de laboratorio, a mesa debe quedar limpa e as chaves do gas e da auga pechada.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

➢ NORMAS BÁSICAS PARA AS FAMILIAS DO NOVO ALUMNADO DE INFANTIL

As presentes normas teñen a finalidade de servir como instrumento útil para mellorar continuamente as relacións entre a Dirección do centro, o Equipo Docente e os pais/nais ou titores legais dos novos alumnos/as.

Son as seguintes:

1. Todas as prendas do alumnado (pantalón, falda, polos, mandilón, cazadora, chaqueta, chándal, …) teñen que levar o seu nome e apelidos. Ademais, a cazadora, chaqueta e mandilón deberán ter unha cinta de 10 centímetros (como mínimo) para poder colgalas na percha correspondente. Tamén terán que vir marcadas mochilas, gorras, …
2. O pantalón do alumno/a ten que levar goma; as deportivas e zapatos teñen que ser con velcro. É imprescindible traer unha muda completa (para cambialos) nunha bolsa de tela.
3. O alumno/a deberá levar en lugar visible unha etiqueta ou distintivo co seu nome, apelidos, teléfono(s) do pai/nai/titor legar e nº de autobús escolar se é usuario (indicando o nome da parada).
4. Na primeira semana de clase as familias deben entregar ao mestre-titor/a o material escolar. As carpetas e os cadernos de traballo que veñen no interior teñen que vir con nome e apelidos.
5. Deben entregar tres fotos tamaño carné.
6. Nas entradas e saídas ao colexio é necesario o cumprimento do horario, procurando a puntualidade do alumno/a na súa actividade escolar.
7. No caso do aniversario do alumno/a, non se poderán repartir no centro tarxetas de invitación nin bolsas de chucharías; se queren, poden mandar un par de caramelos ou unha chocolatina por alumno/a para repartir na aula.
8. O alumno/a non pode traer mochila de rodas ao colexio, agás participe na actividade extraescolar de patinaxe.
9. É necesario informar ao mestre-titor/a dos posibles cambios (autobús, comedor, persoa que os recolle…) que poidan xurdir por medio dunha nota entregada con suficiente antelación ou a través da plataforma.
10. O alumno/a non pode traer obxectos de valor (pulseiras, medallas, cadeas,…) nin xoguetes ao colexio.
11. Cando o alumno/a padeza algunha enfermidade que poida repercutir na saúde e benestar do resto dos compañeiros/as (gripe, varicela, gastroenterite, diarrea, conxuntivites,…) recoméndase, por medidas de hixiene e seguridade, deixalo na casa para a súa pronta recuperación.
12. En caso de accidente do alumno/a avisarase a familia. Se fose de máxima urxencia, o colexio actuará tendo en conta as circunstancias.
13. Se o alumno/a é alérxico a algún alimento, deberase informar obrigatoriamente ao mestre-titor/a e constar na tarxeta identificativa.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

➢ PROTOCOLO BO USO DOS ORDENADORES

1. O alumnado deberá acudir ao centro cos computadores cargados. De non ser así, poderanos cargar na aula co seu propio cargador, aínda que terán unha penalización no apartado de actitude.

2. Cando se acabe a clase e un profesor saia da aula, os computadores deberán de quedar pechados (non apagados). Os alumnos non poderán abrilos ata que chegue o seguinte profesor e o pida expresamente. De non ser así o profesor retiraralle o computador durante esa clase coa súa consecuente penalización no apartado de actitude.

3. O alumnado poderá cambiar o fondo de pantalla pero con imaxes axeitadas, evitando contidos que poidan ferir as sensibilidades, de contido político, violento, sexual... axeitadas a un entorno educativo. Da mesma maneira coidaranse as imaxes dos perfiles de educamos...

4. O alumnado non se poderá levantar da mesa co computador agás que o profesor o indique.

5. Non se permitirá o uso de auriculares en todo o Centro escolar.

6. O alumnado non pode facer uso do computador dun compañeiro en caso contrario o profesor retiraralle o computador durante esa clase coa súa consecuente penalización no apartado de actitude.

7. A cámara non se pode utilizar salvo indicación expresa do profesor. En caso de facelo dada a gravidade da falta, o ED adoptará a sanción oportuna segundo o Plan de Convivencia.

8. Cando o profesor/a estea a explicar os alumnos/as deben ter as pantallas baixadas.

9. Lembrar que o alumnado deberá facer uso dos computadores con fins exclusivamente académicos. Cando sexa empregado para outros fins (xogos, escoitar música...) seralle retirado, nun principio, toda a mañá.

➢ PROTOCOLO EXAMES ESO-BAC

Para a realización de exames nas etapas de Secundaria e Bacharelato, lémbrase ao alumnado que:

1. Deberá ter o pelo recollido.
2. Deberá deixar a mochila nos andel.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

3. Deberá deixar o abrigo colgado na percha de fora da aula.
4. Deberá ter a mesa libre, sen estoxo.
5. Deberá ter as bandexas dos pupitres baleiras.
6. Non se permitirán reloxos.
7. Non poderá empregar cinta correctora.
8. Non se aclararán dúbidas, unha vez explicado o exame.
9. Non se permitirán saídas ao baño.
10. Os docentes proxectaran un reloxo dixital na pizarra ou avisarán do tempo que queda para finalizar a proba.
11. Os docentes recordarán ao alumnado que deben ter especial coidado coa: presentación, marxes, caligrafía, faltas de ortografía...

➢ PROTOCOLO DE APOIO E REFORZO

Este protocolo fai referencia aos grupos de reforzo como medida de atención á diversidade.

O noso centro, atendendo á normativa legal vixente e á identidade propia do Instituto Calasancio, fai opción por atender de xeito especial a aqueles alumnos/as con dificultades que inflúan na súa aprendizaxe.

Esta sensibilidade propia queda reflexada en medidas de reforzo educativo, estruturadas do seguinte xeito:

DESTINATARIOS:

- Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Alumnado con necesidades educativas especiais.
- Alumnado con dificultades de aprendizaxe.
- Alumnado con falta de base nalgunhas das materias.
- Alumnado motivados, que amosan interese por aprender e por superarse e que teñen problemas para acadar os obxectivos mínimos.
- Alumnado con altas capacidades.

NON SON ALUMNADO DE REFORZO:

- Alumnado totalmente desmotivado e que teñen claro que non queren estudar, dálles todo igual, en todas ou na maioría das materias.
- Alumnado que se amosa motivado, mais non traballan nin se esforzan para superarse.
- Alumnado que presentan moitos problemas de conducta e molestan na clase.

CAUSAS DE ABANDONO DO GRUPO DE REFORZO:

- Non estar aproveitando o reforzo, non esforzarse por aprender, falta de traballo e esforzo diario tanto na clase como na casa.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

- Problemas de conducta, distorsión das clases, xa que nun grupo reducido condiciona moito máis a marcha normal da clase.
- Faltas continuadas e non xustificadas de asistencia ou de puntualidade.

OBSERVACIÓNS A TER EN CONTA:

- Os alumnos/as asistentes selecciónanse a principios do trimestre entre o profesorado de cada materia.
- Trimestralmente elabórase a programación dos obxectivos, así como un informe (individual) que se entregará ao titor/a, á orientadora e a familia dos alumnos/as.

PROPOSTA DE NON SEGUIR NO GRUPO DE R.E.

- Acadar os obxectivos mínimos marcados e poder seguir o ritmo da clase ordinaria.

➢ PROTOCOLO DE USO DA BIBLIOTECA DO CENTRO

Normas a seguir no uso da biblioteca de centro:

- A biblioteca utilizarase como un lugar de estudo, traballo, realización de tarefas ou lectura, procurando sempre un ambiente de silencio.
- Non se pode comer.
- Deixaranse as mesas e cadeiras ben colocadas.
- Coidarase o material de consulta. Os libros consultados quedarán colocados correctamente.

Normas a seguir no uso da biblioteca ao mediodía no caso da etapa de Primaria (5º a 6º de E.P.):

- O alumnado que queira facer uso da biblioteca terá que asistir todos os días. Poderán ausentarse o día que teñan algunha actividade extraescolar.
- O alumnado que desexe asistir á biblioteca ten que agardar pola persoa responsable de mesma no lugar asignado (corner English).
- Non se poderá ir ás aulas para coller/deixar materiais.
- Non se poderá estar entrando e saíndo da biblioteca.
- Uso de ordenadores portátiles:
  - O alumnado de 5º e 6º poderá utilizar o ordenador, unicamente, no uso de plataformas e aplicacións autorizadas. Se se detecta a utilización das mesmas non se poderá facer uso do mesmo e realizarase unha incidencia.
- Con tres chamadas de atención/incidencias por conducta inapropiada non se poderá asistir á biblioteca durante 30 días.
- Unha vez finalizada a actividade, a biblioteca quedará pechada con todos os materiais (libretas, ordenador,...). Poderán recollelos cando volvan para clase.

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

- Minutos antes da quenda de comedor, permitiráselles baixar para descansar.

➢ ADMINISTRACIÓN DE MEDICACIÓN

O docente debe prestar os primeiros auxilios básicos que non requiran dunha formación ou preparación distinta da coñecida por calquera outro cidadán/a. A prestación de auxilios é unha responsabilidade do docente, pero non poderá esixírselle nunca máis aló do que corresponde á súa cualificación técnica ou aos requisitos esixidos para cubrir o posto de mestre/a.

Ao mesmo tempo, seguindo o principio que aparece recollido no código civil do deber de actuar coa dilixencia dun bo pai/nai de familia, o centro escolar si poderá administrar certos medicamentos, sempre e cando a súa administración non requira cualificación médica. Para regular este tema desenvólvese o seguinte protocolo de actuación:

❖ **Actuación en caso de enfermidades comúns ou ordinarias, ou enfermidades crónicas sen gravidade:**

1. Informarase ás familias do alumnado ao inicio do curso escolar do procedemento aprobado no centro para a administración de fármacos durante a xornada escolar do alumnado.
2. Intentará evitarse, sempre que a xuízo do facultativo sexa posible, a administración de medicación durante o horario escolar.
3. As familias deberán solicitar por escrito a administración do medicamento, cubrindo a autorización correspondente que se lles entregará na Secretaría do centro. Dita autorización inclúe:
   - Autorización da familia da administración do fármaco.
   - Informe médico con indicación da medicación prescrita, dose e duración do tratamento.
4. Non se facilitará ao alumnado ningún tipo de medicación sen o informe médico previo.

❖ **Actuacións en casos de enfermidades crónicas que poidan cursar con crises que poñan en perigo real e grave a saúde do menor:**

1. Informarase ás familias do alumnado ao inicio do curso escolar do procedemento aprobado no centro para a administración de fármacos durante a xornada escolar do alumnado.
2. O responsable da atención do menor poñerase en contacto coa familia do alumno/a e familiciarase coa medicación prescrita.
3. Facilitarase ao alumnado, de ser o caso, un lugar axeitado para a administración de medicación.
4. As familias deberán solicitar por escrito a administración do medicamento cubrindo a autorización correspondente que se lles entregará na Secretaría do centro. Dita autorización inclúe:

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

- Descrición dos síntomas que poñan de manifesto unha crise médica.
- Informa médicos con indicación da medicación prescrita, dose e duración do tratamento.
- Situación que poidan ser desencadeantes dunha crise.
- Indicacións para a administración da medicación en situación de crise.
- Autorización dos responsables legais para que se proceda en caso de emerxencia a administración do medicamento por parte de persoal non sanitario.
- Autorización para incluír ao alumnado nun programa de seguimento médico (Alerta Escolar).

5. Na aula estará exposto e visible o número de emerxencias.
6. Adoptaranse as medidas preventivas que se poidan adoptar.
7. Intentará facilitarse formación en primeiros auxilios para o persoal docente especialmente vinculado ao alumnado destas características (diabetes, epilepsia, alerxias graves...).

➢ PROTOCOLO DE USO DE MÓBILES E DISPOSITIVOS

Adapta ao centro a Orde do 4 de xaneiro de 2024 da Consellería sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos, e coincide co apartado 3 das NOF.

Norma xeral. O alumnado non pode usar teléfonos móbiles, reloxos intelixentes nin outros dispositivos persoais con conexión en toda a xornada escolar: clases, cambios de clase, recreos, comedor, transporte e actividades complementarias e extraescolares. Se os trae, ten que levalos apagados e gardados na mochila.

Excepcións:

- Uso didáctico na aula, autorizado e supervisado polo profesorado. Avísase antes ás familias por Educamos.
- Motivos de saúde ou outra necesidade xustificada, coa autorización da dirección (por exemplo, o control da glicosa).
- Saídas e actividades fóra do centro, cando o profesorado responsable o permita.

Se se incumpre:

- O profesor ou profesora pide que se apague o dispositivo e que llo entreguen, e rexistra a incidencia en Educamos.
- O dispositivo entrégase en xefatura de estudos e gárdase nas oficinas do centro. Pasados tres días, recóllena os pais, nais ou titores legais no horario de atención a familias, como din as NOF (apartado 3) e a Falta 10. O centro non se fai responsable da perda nin do uso indebido dos dispositivos que traia o alumnado.
- Negarse a entregalo considérase desafío á autoridade do profesorado (Falta 4).

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

Gravacións. Está prohibido gravar ou fotografar a calquera persoa do centro sen o seu permiso. A difusión corríxese polas Faltas 16 e 20.

Dispositivos do centro. Usaranse segundo o protocolo CCC-PT-14 de uso de ordenadores.

Familias. Se o alumno ou alumna ten que falar coa familia, chama desde portaría ou secretaría. Para urxencias, as familias chaman ao centro (981 256 429), non ao móbil do fillo ou filla.

➢ PROTOCOLO DE ACTUACIÓN DA PERSOA COORDINADORA DE BENESTAR E PROTECCIÓN

Desenvolve o artigo 35 da Lei Orgánica 8/2021 (LOPIVI).

1. Designación. A entidade titular designa a persoa coordinadora ao comezo de cada curso. O seu nome e un correo de contacto publícanse na web, en Educamos e nos taboleiros, para que alumnado, familias e persoal saiban a quen acudir. A persoa designada é o profesor Joaquín Respino Souto (joaquin@colexiocalasancias.com), coordinador de benestar e protección.

2. Comunicacións. Calquera persoa pode comunicarlle unha posible situación de violencia ou de risco para un alumno ou alumna. Ela rexístraa de forma confidencial e informa á dirección no mesmo día.

3. Valoración e medidas. Coa dirección e co Departamento de Orientación decide as medidas de protección inmediatas. Se se trata de acoso, aplícase o Protocolo xeral da Consellería. Se hai indicios de delito ou de desprotección, comunícase aos servizos sociais, á Fiscalía de Menores ou ás Forzas e Corpos de Seguridade, como obriga a LOPIVI.

4. Seguimento. Acompaña o caso co titor ou titora e coa familia e deixa constancia escrita de cada actuación.

5. Prevención. Cada curso propón actividades sobre benestar emocional, uso seguro de internet e alimentación saudable, e formación para o persoal.

6. Coordinación. Forma parte da Comisión de Convivencia e informa nas reunións trimestrais sen datos que permitan identificar ao alumnado.

➢ MODELO DE COMPROMISO EDUCATIVO PARA A CONVIVENCIA

Segundo o artigo 55 do Decreto 8/2015, se o alumno ou alumna, ou a súa familia, asina este compromiso, pode suspenderse a medida correctora. Se o compromiso non se cumpre, a medida aplícase de inmediato.

Alumno/a: _____

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129
NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña

Curso e grupo: _____

Nai, pai ou representante legal: _____

Conduta que motiva o compromiso: _____

Medida correctora que se suspende: _____

O alumno ou alumna comprométese a:

1. _____
2. _____
3. _____

A familia comprométese a:

- Revisar Educamos cada semana e responder ás mensaxes do titor ou titora.
- Acudir ás entrevistas de seguimento (cada ____ semanas).
- Apoiar na casa as actuacións acordadas co Departamento de Orientación.

Actuacións de formación, prevención e cambio de conduta:

(sesións con Orientación, tarefa reparadora, programa de habilidades sociais...) _____

O centro comprométese a:

- Facer un seguimento semanal a través do titor ou titora e informar á familia por Educamos.

Persoa responsable do seguimento: _____

Duración do compromiso e data de revisión: _____

A Coruña, _____

Sinaturas: alumno/a · nai, pai ou representante legal · titor/a · dirección

↑ Volver ao índice

Estrada dos Fortes, 11 · 15011 A Coruña 981 256 429 info@colexiocalasancias.com
www.colexiocalasancias.es
@CalasanciasCoru CPR Plurilingüe Calasancias A Coruña @cprplurilinguecalasancias7129

NIF R1500127D · Código de centro 15004009 · © Colexio Calasancias A Coruña